1 Panorama económico

1.1. Contexto económico xeral

1.2. Indicadores macroeconómicos de Galicia

1.3. Evolución demográfica

1.1. Contexto económico xeral

A actividade económica mundial medrou en 2019 un 2,9%, sete décimas menos que o estimado no ano anterior, o que constitúe a menor taxa de variación interanual dende a crise económica de 2008. As estimacións do Fondo Monetario Internacional (FMI) reflicten que a devandita desaceleración rexistrouse tanto no caso das economías avanzadas como nas economías de mercados emerxentes e en desenvolvemento consideradas no seu conxunto. Con carácter xeral, esta ralentización no ritmo de crecemento do PIB ven motivada en grande parte polas tensións no eido da política comercial internacional, nomeadamente entre Estados Unidos e China e o establecemento de aranceis por parte de Estados Unidos a produtos procedentes da Unión Europea; a ralentización da economía chinesa; os conflitos xeopolíticos como as relacións EEUU-Irán ou a incerteza existente en torno á saída do Reino Unido da Unión Europea (Brexit); o impacto que as novas normas sobre emisións na eurozona e China ten na industria automobilística; ou as tensións sociais producidas en varios países.

En termos xerais, este menor crecemento da economía mundial produciuse a pesar do estímulo das políticas monetarias por parte dos bancos centrais, que impulsaron o crédito aínda que continúa aumentando o endebedamento, tanto público como privado, e da tendencia descendente do prezo do petróleo ao longo do último ano. Asemade, hai que mencionar o papel das políticas fiscais expansivas en China ou Estados Unidos.

No devandito contexto internacional a economía galega presenta por segundo ano consecutivo un maior dinamismo que a economía do conxunto da UE-28 e da zona euro. Por contra, por terceiro ano consecutivo o crecemento da economía galega sitúase por baixo da media española. O Produto Interior Bruto (PIB) galego en termos reais rexistrou no conxunto do ano 2019 unha medra do 1,8%, fronte ao 2,0% no conxunto do Estado, sendo estas taxas de crecemento interanual catro décimas inferiores ás rexistradas no ano anterior. Doutra banda, a actividade económica no conxunto dos países da UE-28 e da zona euro experimentou unha medra do 1,5% e 1,2%, respectivamente.

No último ano o devandito crecemento agregado do PIB galego explícase pola achega positiva da demanda

interna (tres puntos porcentuais) en tanto que o saldo exterior neto detrae, por terceiro ano consecutivo, décimas ao crecemento agregado do PIB (1,2 puntos en 2019). Entre os compoñentes da demanda interna, o aspecto máis positivo constitúeo o maior dinamismo do consumo final, tanto dos fogares como das administracións públicas, que medra un 3% respecto ao ano anterior, o que contrasta cunha nova ralentización do investimento medido en termos de formación bruta de capital (2,7% no último ano). No que á demanda externa se refire, as exportacións reducíronse un 0,4% mentres que as compras exteriores medraron un 1,8%.

Dende o punto de vista da oferta todas as ramas de actividade presentan taxas de crecemento positivas agás o conxunto das industrias extractivas e enerxéticas. O sector servizos sitúase en 2019 como o sector de maior crecemento, cun 2,7% respecto ao ano anterior, por diante da construción, cun 2,6%, e a industria manufactureira, cun 0,9%. Asemade, cómpre mencionar o crecemento de 0,2% experimentado polo sector primario, xa que nos dous anos anteriores presentara unha contracción na xeración do veb. O sector industrial considerado no seu conxunto (enerxía, industria extractiva e manufactureira) rexistra unha contracción do 1,3%, cando en 2018 medrara un 3,8%.

A remuneración de asalariados mantén a súa tendencia positiva do incremento rexistrado nos últimos anos, cunha medra interanual do 4%, porcentaxe superior ao do excedente de explotación bruto/renda mixta bruta, cun 1,6%, e ao PIB nominal, cun 2,9%. Tras esta evolución, o peso relativo da remuneración dos asalariados no PIB sitúase no 44,6% en tanto que o peso dos EBE descende ata o 45%.

No concernente ao emprego, a Enquisa de Poboación Activa reflicte que a taxa de paro en Galicia descende no último ano ata o 11,8%, máis de dous puntos por baixo da taxa de paro no conxunto do Estado (14,1%). Por contra, as taxas de actividade e ocupación sitúanse no 53,1% e 46,9%, respectivamente, porcentaxes que manteñen a Galicia entre as CC.AA. con taxas de actividade e ocupación máis reducidas. No conxunto do Estado, a taxa de actividade ascendeu ata o 58,6%, situándose a taxa de ocupación no 50,4%.

No devandito marco internacional, o nivel competitivo de Galicia en relación ao resto das CC.AA. españolas segue a considerarse medio-baixo atendendo ao valor do Índice de Competitividade Rexional de España (ICREG) elaborado polo Consejo General de Economistas. Non obstante, mellora a súa posición relativa respecto ao resto das Comunidades Autónomas situándose en 2018 (último dato dispoñible) no oitavo posto entre as distintas CC.AA., cando no período 2012-2017 ocupaba o décimo posto.

O devandito estudo considera que Galicia integra o grupo de CC.AA. cun nivel competitivo relativo medio-baixo, presentando dende o punto de vista dinámico un "crecemento moderado". Con todo, cómpre resaltar que existen importantes diferencias entre os distintos eixos considerados, salientando dende un punto de vista positivo o correspondente ao entorno institucional, que presenta un nivel competitivo alto e un dinamismo relativo considerado como moi intenso. No extremo oposto, as infraestruturas básicas presentan un nivel competitivo baixo e un dinamismo relativo considerado como "sen cambios".

O obxectivo deste capítulo é analizar o contexto económico no que se desenvolve a economía galega. Con tal motivo, en primeiro lugar, explícase a conxuntura económica mundial, facendo especial mención á situación da Unión Europea e a zona euro. A continuación analízase o panorama económico de España, e por último, faise mención á Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

Panorama económico internacional

As estimacións do Fondo Monetario Internacional (FMI) reflicten que a economía mundial caracterizouse en 2019 por unha forte desaceleración no seu ritmo de crecemento, ao medrar o PIB real un 2,9% respecto ao ano anterior, sete décimas menos que o rexistrado en 2018. Esta desaceleración rexístrase tanto nas economías dos países emerxentes e en desenvolvemento, que presentan un crecemento interanual do 3,7%, oito décimas menos que no ano anterior, como no conxunto das economías avanzadas, cunha medra do 1,7%, medio punto porcentual menos que en 2018.

Economía internacional 2014-20: evolución dos principais indicadores

	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020 (1)
Produto Interior Bruto real							
Economía mundial	3,6	3,5	3,4	3,9	3,6	2,9	-3,0
Economías avanzadas	2,1	2,3	1,7	2,5	2,2	1,7	-6,1
EE.UU.	2,5	2,9	1,6	2,4	2,9	2,3	-5,9
Xapón	0,4	1,2	0,5	2,2	0,3	0,7	-5,2
Zona Euro	1,4	2,1	1,9	2,5	1,9	1,2	-7,5
Alemaña	2,2	1,7	2,2	2,5	1,5	0,6	-7,0
Francia	1,0	1,1	1,1	2,3	1,7	1,3	-7,2
Italia	0,0	0,8	1,3	1,7	0,8	0,3	-9,1
España	1,4	3,8	3,0	2,9	2,4	2,0	-8,0
Países emerxentes e en desenvolvemento	4,7	4,3	4,6	4,8	4,5	3,7	-1,0
China	7,3	6,9	6,8	6,9	6,7	6,1	1,2
India	7,4	8,0	8,3	7,0	6,1	4,2	1,9
IPC *(medias anuais)*							
Economías avanzadas	1,4	0,3	0,8	1,7	2,0	1,4	0,5
EE.UU.	1,6	0,1	1,3	2,1	2,4	1,8	0,6
Xapón	2,8	0,8	-0,1	0,5	1,0	0,5	0,2
Zona Euro	0,4	0,2	0,2	1,5	1,8	1,2	0,2
Alemaña	0,8	0,7	0,4	1,7	2,0	1,3	0,3
Francia	0,6	0,1	0,3	1,2	2,1	1,3	0,3
Italia	0,2	0,1	-0,1	1,3	1,2	0,6	0,2
España	-0,2	-0,5	-0,2	2,0	1,7	0,7	-0,3
Países emerxentes e en desenvolvemento							
China	2,0	1,4	2,0	1,6	2,1	2,9	3,0
India	5,8	4,9	4,5	3,6	3,4	4,5	3,3
Taxa de desemprego							
Economías avanzadas	7,3	6,7	6,2	5,6	5,1	4,8	8,3
EE.UU.	6,2	5,3	4,9	4,3	3,9	3,7	10,4
Xapón	3,6	3,4	3,1	2,8	2,4	2,4	3,0
Zona Euro	11,6	10,9	10,0	9,1	8,2	7,6	10,4
Alemaña	5,0	4,6	4,2	3,8	3,4	3,2	3,6
Francia	10,3	10,4	10,0	9,4	9,0	8,5	10,4
Italia	12,6	11,9	11,7	11,3	10,6	10,0	12,7
España	24,4	22,1	19,6	17,2	15,3	14,1	20,8
Déficit público (% PIB)							
Economías avanzadas	-3,1	-2,6	-2,6	-2,3	-2,6	-3,0	-10,6
EE.UU.	-4,0	-3,6	-4,3	-4,5	-5,7	-5,8	-15,4
Xapón	-5,6	-3,8	-3,7	-3,1	-2,4	-2,8	-7,1
Zona Euro	-2,5	-2,0	-1,4	-0,9	-0,5	-0,7	-7,5
Alemaña	0,6	0,9	1,2	1,2	1,9	1,4	-5,5
Francia	-3,9	-3,6	-3,5	-2,8	-2,3	-3,0	-9,2
Italia	-3,0	-2,6	-2,4	-2,4	-2,2	-1,6	-8,3
España	-5,9	-5,2	-4,3	-3,0	-2,5	-2,6	-9,5
Países emerxentes e en desenvolvemento	-2,5	-4,4	-4,7	-4,1	-3,7	-4,7	-8,9
China	-0,9	-2,8	-3,7	-3,8	-4,7	-6,4	-11,2
India	-7,1	-7,2	-7,1	-6,4	-6,3	-7,4	-7,4

(1) 2020: previsións tendo en conta o impacto do COVID-19
(consulta: 16-04-2020)
Fonte: Fondo Monetario Internacional, *World economic outlook*

1.1.1.

Entre as causas desta desaceleración pódense destacar o impacto negativo das tensións comerciais entre China e Estados Unidos, o establecemento de aranceis por parte de Estados Unidos a certos produtos da Unión Europea, a incerteza derivada dos riscos xeopolíticos derivados das relacións EEUU e Irán, das negociacións entre a Unión Europea e o Reino Unido polo Brexit, ou o impacto que sobre a industria automobilística terán as novas normas medioambientais de China e a Eurozona.

A demanda interna constitúe o motor de crecemento das economías avanzadas. Os datos recollidos nas pers-

pectivas de crecemento de outubro de 2019 reflicten que a achega da demanda interna era de 1,8 puntos porcentuais ao crecemento agregado do PIB, detraendo unha décima o saldo exterior neto. O compoñente da demanda interna que presenta un maior crecemento volve a ser o investimento, cun incremento do 2,6%, seguido pola medra do gasto en consumo público, cun 2,1%, e en menor medida, o consumo privado, cun 1,8%. Comparado co ano anterior, cómpre resaltar a aceleración do ritmo de crecemento do investimento, que no ano anterior medrara un 1,8%, desacelerándose pola contra o consumo privado (tres décimas menos).

Entre as principais economías, tan só Xapón e o Reino Unido presentan no ano 2019 unhas taxas de crecemento interanual lixeiramente superiores ás do ano anterior. Dunha banda, o PIB real en Xapón medrou un 0,7%, catro décimas máis que no ano anterior, impulsado pola demanda interna en tanto que a demanda externa detrae décimas ao crecemento agregado do PIB. No concernente á demanda interna cómpre resaltar o comportamento do consumo público, que se sitúa como a variable con maior crecemento interanual, por diante do investimento e o consumo privado. Segundo as estimacións de outubro, o consumo público medra a un ritmo de 1,7%, fronte ao 1,3% no caso do investimento e o 0,6% do consumo privado.

Doutra banda, a actividade económica no Reino Unido medra un 1,4% respecto ao ano anterior, unha décima superior á estimada para o ano 2018. Neste último ano tanto a demanda interna como externa contribúen positivamente ao crecemento agregado do PIB, se ben a demanda externa presenta unha achega moi feble. Entre os compoñentes da demanda, o consumo público, e en menor medida o privado, son os de maior crecemento, estimándose unha medra interanual do 2,8% e 1,6%, respectivamente. O investimento presenta unha taxa de variación negativa ao contrario do acontecido no ano anterior (–0,6%).

No concernente á economía de Estados Unidos, o PIB medrou un 2,3%, seis décimas menos que no ano precedente, impulsado pola achega da demanda interna, xa que a demanda externa detrae novamente décimas ao crecemento agregado do PIB. As estimacións do FMI de outubro prevían que a achega da demanda interna fora de 2,6 puntos en tanto que a demanda externa detrae dúas décimas. Esta expansión económica ven motivada polas políticas fiscais e monetarias expansivas, que facilitan o dinamismo do emprego (a taxa de paro acada a finais de ano un 3,5%, o seu mínimo histórico) e o consumo.

Entre as variables da demanda interna o investimento é o compoñente que presenta un maior incremento interanual, cun 4,1% en 2019, 1,6 puntos por riba do rexistrado no ano anterior. Pola contra, ralentízase o crecemento do consumo privado, que no último ano medra un 2,5%, medio punto por baixo do estimado para 2018. Cómpre mencionar que ao igual que no caso do investimento, o consumo público presenta un maior dinamismo que no ano anterior, crecendo en 2019 a un ritmo do 2,2%, cinco décimas máis que no ano precedente.

Ao igual que acontece no conxunto das economías avanzadas, o crecemento económico dos países da zona euro está influenciado pola achega da demanda interna, detraendo o sector exterior décimas ao crecemento agregado do PIB. A taxa de variación interanual do PIB foi do 1,2%, sete décimas menos que no ano anterior, situándose a demanda interna como o motor de crecemento, cunha achega ao crecemento agregado do PIB de 1,3 puntos porcentuais fronte á redución nunha décima da demanda externa. Entre as variables da demanda interna, a que presenta un maior dinamismo segue a ser o investimento, cunha medra do 2,3% (3,1% en 2018), seguido polo consumo, tanto público como privado, cun 1,2% (no ano anterior o gasto en consumo público medrara un 1,1% e o privado 1,4%).

Entre outros factores, a esta moderación no ritmo de crecemento económico da zona euro axudou a incerteza derivada da resolución do Brexit e as devanditas tensións comerciais a nivel internacional. Non obstante, cómpre resaltar que no último ano mantense unha política monetaria acomodaticia por parte do BCE, continúa a mellora do mercado de traballo e a inflación sitúase no 1,2%, oito décimas menos que o obxectivo do 2% establecido polo BCE. Asemade, hai que men-

Prezo do barril de Brent 2008-2019

Fonte: *US Energy Information Administration*

1.1.2.

cionar que mentres que o déficit público aumentou lixeiramente ata o 0,7% do PIB, dúas décimas máis que no ano anterior, a débeda pública na eurozona continúa a súa tendencia descendente, situándose no 84,1% fronte ao 85,8% do ano 2018.

O dinamismo económico trasládase ao mercado de traballo, quen experimenta descensos xeneralizados da taxa de desemprego. No conxunto das economías avanzadas a taxa de paro sitúase no 4,8%, acadando valores significativamente máis reducidos en Xapón e Estados Unidos, cun 2,4% e 3,7%, respectivamente. No conxunto dos países da zona euro a taxa de paro descende ata o 7,6% en 2019, situándose esta porcentaxe no 3,2% en Alemaña (14,1% en España).

No que atinxe ao nivel de prezos, nos países avanzados a inflación en 2019 foi do 1,4%, seis décimas menos que no ano anterior, sendo este incremento do 5% no conxunto do países emerxentes e en desenvolvemento, o nivel máis elevado dende o ano 2013 (5,5%). Entre as economías avanzadas, nos países da zona euro a inflación foi do 1,2%, fronte ao 1,8% de Estados Unidos e o 0,5% de Xapón. Entre os países emerxentes, os asiáticos presentan a menor taxa de crecemento, cun 3,2%, sendo esta taxa do 6,5% nos países europeos e do 7,1% nos países latinoamericanos e Caribe. Así, con carácter xeral pódese dicir que a inflación está controlada con excepcións como Venezuela, cunha inflación do 19.906%, Arxentina, cun 53,5%, ou Irán, cun 41,1%.

O prezo de barril de petróleo (Brent) reduciuse de media en 2019 case un 10% respecto ao ano anterior, acadando un valor máximo de 73,32 euros a mediados do mes de maio e reducíndose posteriormente para situarse nos 68,84 euros a finais do mes de decembro (17,81 euros máis que na mesma data do ano anterior). Esta caída do prezo do petróleo veu motivada por unha moderación na demanda e un incremento da oferta por parte dos EE.UU., que compensou a redución da oferta iraní por mor das sancións, os conflitos internos en Venezuela e Libia, e as cotas establecidas polos países da OPEP e pactadas ata marzo de 2020.

En relación aos mercados de divisas, o **cadro 1.1.3.** reflicte que os tipos de cambio reais do dólar, libra e ien fronte ao euro descende no último ano, o que indica unha depreciación do euro fronte ás outras tres divisas.

No que se refire ás economías dos mercados emerxen-

Tipo de cambio do euro 2005-19



Fonte: Banco de España, *Boletín estadístico*

1.1.3.

tes e en desenvolvemento, a taxa de variación interanual do PIB nestes países sitúase en 2019 no 3,7%, oito décimas menos que no ano anterior, o que supón a taxa máis reducida dende a crise financeira. Cómpre resaltar que no último ano esta ralentización prodúcese nas cinco grandes áreas consideradas (Asia, Europa, Latinoamérica e Caribe, Oriente Medio e Asia Central e en África Subsahariana).

Dunha banda, os mercados emerxentes da rexión de Asia e Pacífico seguen sendo os de maior crecemento a escala mundial mantendo unha taxa de variación interanual do 5,5% no ano 2019, oito décimas menos que no ano precedente. Esta evolución explícase fundamentalmente polo comportamento da economía de China, que representa en torno ao 16% da economía mundial, e que en 2019 presenta unha medra interanual do 6,1%, seis décimas menos que no ano anterior, o que supón a crecemento máis reducido dos últimos vinte e un anos. Asemade, hai que mencionar a acusada desaceleración da actividade económica de India, cun incremento do seu PIB do 4,2%, case dous puntos menos que en 2018 (6,1%). Ademais, as tensións comerciais entre China e Estados Unidos impactan negativamente no seu crecemento.

Por outra banda, os países emerxentes e en desenvolvemento europeos presentaron unha forte ralentización no último ano ao presentar unha medra do 2,1% en 2019 fronte ao 3,2% do ano anterior. Entre estes países salienta o comportamento de Turquía, que influenciado polas tensións macroeconómicas internas, presenta unha medra moi inferior á do ano anterior: 0,9% en 2019 fronte ao 2,8% do ano precedente (7,5% en 2017). Hungría presentou no último ano unha taxa de variación interanual do 4,9%, superando Serbia, Polonia e Romanía o 4%. Doutra banda, Rusia medra un 1,1% fronte ao 2,3% do ano ano anterior.

No conxunto de países emerxentes de América Latina e Caribe o PIB medra tan só un 0,1% no ano 2019 cando no ano anterior o fixera nun 1,1%. Polo seu peso na rexión cómpre mencionar o crecemento do 1,1% estimado para a economía de Brasil, dúas décimas menos que no ano anterior, presentando México unha contracción da súa economía, cunha caída do 0,1% (a taxa de variación interanual ascendía a 2,1% no ano anterior). Mentres que o crecemento económico en Colombia foi do 3,3%, a economía arxentina contráese un 2,2% no ano 2019 (fixoo nun 2,5% no ano anterior), destacando novamente a contracción, por sexto ano

Indicadores macroeconómicos dos Estados membros da UE 2018-19 e previsións para 2020

	PIB			Inflación media (1)			Desemprego			Déficit Público (2)		
	2018	2019	2020	2018	2019	2020	2018	2019	2020	2018	2019	2020
	(taxa de variación anual)						(%)			(taxa de variación anual)		
Bélxica	1,5	1,4	-7,2	2,3	1,2	0,2	6,0	5,4	7,0	-0,8	-1,9	-8,9
Alemaña	1,5	0,6	-6,5	1,9	1,4	0,3	3,4	3,2	4,0	1,9	1,4	-7,0
Estonia	4,8	4,3	-6,9	3,4	2,3	0,7	5,4	4,4	9,2	-0,6	-0,3	-8,3
Irlanda	8,2	5,5	-7,9	0,7	0,9	-0,3	5,8	5,0	7,4	0,1	0,4	-5,6
Grecia	1,9	1,9	-9,7	0,8	0,5	-0,6	19,3	17,3	19,9	1,0	1,5	-6,4
España	2,4	2,0	-9,4	1,7	0,8	0,0	15,3	14,1	18,9	-2,5	-2,8	-10,1
Francia	1,7	1,3	-8,2	2,1	1,3	0,4	9,0	8,5	10,1	-2,3	-3,0	-9,9
Italia	0,8	0,3	-9,5	1,2	0,6	-0,3	10,6	10,0	11,8	-2,2	-1,6	-11,1
Chipre	4,1	3,2	-7,4	0,8	0,5	-0,2	8,4	7,1	8,6	-3,7	1,7	-7,0
Letonia	4,3	2,2	-7,0	2,6	2,7	0,2	7,4	6,3	8,6	-0,8	-0,2	-7,3
Lituania	3,6	3,9	-7,9	2,5	2,2	0,8	6,2	6,3	9,7	0,6	0,3	-6,9
Luxemburgo	3,1	2,3	-5,4	2,0	1,6	0,7	5,6	5,6	6,4	3,1	2,2	-4,8
Malta	7,3	4,4	-5,8	1,7	1,5	0,7	3,7	3,4	5,9	1,9	0,5	-6,7
Países Baixos	2,6	1,8	-6,8	1,6	2,7	0,8	3,8	3,4	5,9	1,4	1,7	-6,3
Austria	2,4	1,6	-5,5	2,1	1,5	1,1	4,9	4,5	5,8	0,2	0,7	-6,1
Portugal	2,6	2,2	-6,8	1,2	0,3	-0,2	7,1	6,5	9,7	-0,4	0,2	-6,5
Eslovenia	4,1	2,4	-7,0	1,9	1,7	0,5	5,1	4,5	7,0	0,7	0,5	-7,2
Eslovaquia	4,0	2,3	-6,7	2,5	2,8	1,9	6,5	5,8	8,8	-1,0	-1,3	-8,5
Finlandia	1,6	1,0	-6,3	1,2	1,1	0,5	7,4	6,7	8,3	-0,9	-1,1	-7,4
Bulgaria	3,1	3,4	-7,2	2,6	2,5	1,1	5,2	4,2	7,0	2,0	2,1	-2,8
Rep. Checa	2,8	2,6	-6,2	2,0	2,6	2,3	2,2	2,0	5,0	0,9	0,3	-6,7
Dinamarca	2,4	2,4	-5,9	0,7	0,7	0,3	5,1	5,0	6,4	0,7	3,7	-7,2
Croacia	2,7	2,9	-9,1	1,6	0,8	0,4	8,5	6,6	10,2	0,2	0,4	-7,1
Hungría	5,1	4,9	-7,0	2,9	3,4	3,0	3,7	3,4	7,0	-2,1	-2,0	-5,2
Polonia	5,3	4,1	-4,3	1,2	2,1	2,5	3,9	3,3	7,5	-0,2	-0,7	-9,5
Rumanía	4,4	4,1	-6,0	4,1	3,9	2,5	4,2	3,9	6,5	-2,9	-4,3	-9,2
Suecia	2,2	1,2	-6,1	2,0	1,7	0,4	6,4	6,8	9,7	0,8	0,5	-5,6
Reino Unido	1,3	1,4	-8,3	2,5	1,8	1,2	4,0	3,8	6,7	-2,2	-2,1	-10,5
UE-28	2,1	1,5	-7,4	1,8	1,4	0,6	7,2	6,7	9,0	-0,4	-0,6	-8,3

(1) IPC armonizado (2005=100) ou IPC nacional cando o primeiro non está dispoñible
(2) capacidade (+) necesidade (-) de financiamento das AA.PP. en porcentaxe do PIB
Fonte: Comisión Europea, *Perspectivas económicas de primavera, abril 2020*

1.1.4.

consecutivo, do PIB de Venezuela, que en 2019 se contrae un 35% respecto ao ano anterior.

• Unión Europea (UE-28)

A actividade económica da UE-28 ralentiza o seu ritmo de crecemento no último ano, acadando en 2019 unha taxa de variación interanual do 1,5% segundo os datos publicados por Eurostat (consulta o 24 de abril de 2020), seis décimas menos que o estimado para o ano anterior.

A demanda interna constitúe o motor de crecemento da economía comunitaria, cunha achega de 1,8 puntos ao crecemento agregado do PIB, sendo nula a contribución do saldo exterior neto. O investimento en capital fixo segue a ser a compoñente de maior dinamismo, cunha medra interanual do 5,7%, o dobre do estimado para o ano anterior. O consumo privado ralentizou novamente o seu ritmo de crecemento, presentando unha medra do 1,6% respecto ao ano anterior (1,7% en 2018) en tanto que a taxa de variación interanual do gasto en consumo das Administracións Públicas aumenta ata o 1,8%, seis décimas máis que no ano precedente. No que á demanda externa se refire, as exportacións de bens e servizos rexistraron no último ano unha nova desaceleración, medrando as ventas ao exterior un 2,7% en 2019 (3,5% no ano precedente) e as importacións un 3,7%, catro décimas máis que en 2018.

PIB na UE-28 no período 2014-2020: distribución segundo compoñentes

	2014	2015	2016 (%)	2017	2018	2019	2020
Gasto en consumo final do sector privado	1,2	2,1	2,4	2,0	1,6	1,6	1,7
Gasto en consumo final das administracións públicas	1,2	1,4	1,7	1,0	1,1	1,6	1,3
Formación Bruta de Capital Fijo	3,0	4,9	3,1	3,1	3,2	2,1	2,1
Achega demanda interna (1)	**1,9**	**2,5**	**2,3**	**1,9**	**2,0**	**1,6**	**1,4**
Exportacións de bens e servizos	4,7	6,3	3,2	5,4	3,0	2,5	3,1
Importacións de bens e servizos	5,3	7,2	4,3	4,3	3,2	3,1	3,3
Saldo exterior neto (1)	**-0,1**	**-0,2**	**-0,3**	**0,6**	**0,0**	**-0,2**	**0,0**
PIB	**1,8**	**2,3**	**2,0**	**2,5**	**2,0**	**1,4**	**1,4**

(1) aportación ao crecemento do PIB a prezos de mercado
Fonte: Comisión Europea, *Perspectivas económicas de primavera, abril 2019*

1.1.5.

Débeda pública nas economías europeas 2009-19 (1)



(1) débeda pública como porcentaxe do PIB
Fonte: EUROSTAT

1.1.6.

A demanda interna é o principal motor de crecemento nestas economías, onde a demanda externa detrae catro décimas ao crecemento agregado do PIB en Alemaña e unha en Francia, a diferenza do que acontece en Italia e España, onde a demanda externa achega cinco e tres décimas ao crecemento agregado do PIB, respectivamente. Fóra da zona euro, o Reino Unido presenta unha medra do 1,4%, destacando, en comparación coas economías sinaladas anteriormente, o crecemento de 4,9% Hungría, e de Serbia e Romanía, cun 4,2% e 4,1%, respectivamente.

No concernente ás consecuencias da devandita evolución da actividade económica sobre o emprego, o crecemento do PIB real da UE-28 reflíctese tamén nunha medra da ocupación nun 1%, tres décimas por baixo do estimado para o ano anterior, así como un descenso da taxa do desemprego, que se sitúa no 6,3%, cinco décimas inferior á rexistrada no ano anterior.

Entre as principais economías, cómpre resaltar dunha banda que España é un dos países con maior crecemento do emprego (contas económicas), cun incre-

PIB en Galicia e España 2008-19 (1)(2): evolución

Taxa de variación interanual



(1) PIBpm, índices de volume encadenados; datos correxidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 3-03-2020)
(2) Os datos dos anos 2017 son provisionais. Os datos dos anos 2018 e 2019 son avance
Fonte: INE, *Contabilidad Nacional Trimestral de España.* e IGE, *Contas económicas trimestrais de Galicia.*

1.1.7.

mento da ocupación do 2,1% respecto ao ano anterior, sendo esta medra do 1,2% en Francia, do 0,9% en Alemaña e 0,6% en Italia. Pola contra, España presenta unha elevada taxa de desemprego, cun 14,1%, porcentaxe que tan só é superada por Grecia, cun 17,3% (3,2% en Alemaña e 8,5% en Francia).

Panorama económico de España

O produto interior bruto (PIB) xerado pola economía española medrou no ano 2019 un 2,0% respecto ao ano anterior, manténdose o proceso de ralentización no seu ritmo de crecemento. Esta medra interanual, a máis feble dende o inicio da recuperación económica en 2014 (1,4%), sitúase catro décimas por baixo da estimada no ano anterior. Atendendo á súa evolución trimestral, as taxas de crecemento presentan unha desaceleración paulatina ao longo de todo o ano, rematando o cuarto trimestre cunha medra do 1,8%, a porcentaxe máis reducida dende o terceiro trimestre de 2014 (1,7%) (**cadro 1.1.7.**)

No que se refire á composición do crecemento polo lado da demanda, no último ano tanto a demanda interna como externa contribúen de xeito positivo ao crecemento agregado do PIB. Dunha banda, a demanda interna constitúe o principal motor de crecemento ao presentar unha achega positiva ao crecemento agregado do PIB de 1,5 puntos, cifra significativamente inferior á do ano anterior (2,6 puntos porcentuais). Doutra, a demanda externa aporta en 2019 catro décimas ao crecemento do PIB, cando no ano anterior detraía tres décimas. Atendendo á súa evolución trimestral, cómpre resaltar que a demanda interna pecha o cuarto trimestre cunha achega de 1,2 puntos, a contribución máis reducida dende o inicio da recuperación económica (detrae tres décimas no cuarto trimestre de 2013), en tanto que a demanda externa encadea cinco trimestres cunha achega positiva, terminando o ano 2019 cunha contribución de seis décimas ao crecemento agregado do PIB (**cadro 1.1.8.**) .

Entre os compoñentes da demanda interna, tanto o gasto en consumo final como a formación bruta de capital fixo (FBCF) rexistraron unha ralentización no seu ritmo de crecemento, sendo esta moito máis acusada

PIB en España 2018-19: distribución segundo as súas compoñentes (1)

	2018	2019	2018				2019			
			I	II	III	IV	I	II	III	IV
			(taxas de variación interanual)							
Gasto en consumo final	1,9	1,4	2,3	2,0	1,7	1,4	1,4	1,1	1,6	1,4
Gasto en consumo final dos fogares	1,8	1,1	2,5	2,1	1,6	1,2	1,1	0,8	1,4	1,2
Gasto en consumo final das ISFLSH	2,5	1,4	3,6	2,4	2,4	1,8	-0,3	1,4	2,7	2,0
Gasto en consumo final das AA.PP.	1,9	2,2	1,6	1,7	1,9	2,2	2,3	2,2	2,2	2,2
Formación bruta de capital fixo	5,3	1,9	4,5	7,9	5,3	3,5	4,7	0,9	2,4	-0,3
Activos fixos materiais	6,2	1,7	5,1	9,5	6,3	4,0	5,6	0,7	2,3	-1,5
Construcción	6,6	0,8	7,1	7,5	6,1	5,7	4,0	2,1	0,9	-3,5
Bens de equipo	5,7	2,6	2,3	12,5	6,8	1,4	7,9	-1,8	3,9	0,9
Productos da propiedade intelectual	1,1	2,8	1,5	1,1	0,7	1,0	0,4	2,0	3,3	5,6
Demanda interna (2)	2,6	1,5	2,8	3,1	2,5	2,0	2,0	1,2	1,8	1,2
Exportacións de bens e servizos	2,2	2,3	4,0	3,1	1,6	0,1	0,4	2,1	3,0	3,7
Exportacións de bens	2,1	1,0	3,9	3,8	1,9	-1,0	-2,1	1,2	1,4	3,5
Exportacións de servizos	2,3	5,2	4,1	1,7	1,0	2,7	6,1	4,0	6,7	4,1
Importacións de bens e servizos	3,3	1,2	4,7	6,3	2,5	-0,3	-0,1	-0,2	3,1	2,1
Importacións de bens	1,9	0,1	3,1	5,9	0,9	-2,0	-1,5	-2,3	1,9	2,2
Importacións de servizos	9,8	6,6	12,5	8,5	10,3	7,9	6,5	9,8	8,4	1,8
Demanda externa (2)	-0,3	0,4	-0,1	-0,9	-0,2	0,1	0,2	0,8	0,1	0,6
PIB a prezos de mercado	2,4	2,0	2,8	2,3	2,2	2,1	2,2	2,0	1,9	1,8
Agricultura, gandeiría, silvicultura e pesca	5,9	-2,6	5,9	7,8	3,0	6,9	0,1	-4,5	0,1	-6,0
Industria	-0,4	0,7	0,4	-0,3	-0,2	-1,5	-0,5	0,6	1,2	1,6
Industria manufactureira	0,7	0,5	1,7	1,2	0,2	-0,3	0,0	0,0	0,6	1,3
Construción	5,7	2,9	5,0	5,5	6,2	5,9	6,0	4,2	2,4	-0,7
Servizos	2,7	2,6	3,0	2,5	2,6	2,7	2,9	2,7	2,2	2,5
Impostos netos sobre os produtos	1,2	0,0	2,4	1,5	0,8	0,0	-0,5	-0,7	0,3	1,0

(1) PIBpm, índices de volume encadenados; datos correxidos de efectos estacionais e de calendario (Avance, consulta: 5-02-2020)
(2) aportación ao crecemento do PIB a prezos de mercado
Fonte: INE, *Contabilidad trimestral nacional de España.*

1.1.8.

no caso do investimento. No conxunto do ano 2019 a FBCF aumenta un 1,9% respecto ao ano anterior, case tres puntos e medio inferior á do ano anterior (5,3%), en tanto que o consumo final o fixo nun 1,4%, cinco décimas menos que no ano precedente.

A devandita desaceleración do investimento ven motivada en parte polo comportamento do investimento en construción, que medra tan só un 0,8% cando no ano precedente presenta unha taxa de variación positiva do 6,6%. Asemade, o investimento en bens de equipamento experimenta unha nova ralentización no seu ritmo de crecemento, cunha medra do 2,6%, tres puntos menos que no ano anterior. No caso do gasto en consumo final, 2019 caracterízase por un maior crecemento do gasto público, que medra un 2,2%, tres décimas máis que en 2018, mentres que o gasto das familias e institucións sen fins de lucro medra un 1,1%, oito décimas menos que no ano precedente.

No concernente á demanda externa, en 2019 as exportacións de bens e servizos presentan un mellor comportamento que o experimentado polas importacións a diferenza do que acontecía nos dous anos precedentes. O cadro macroeconómico da economía española reflicte que as exportacións presentan unha taxa de variación interanual do 2,3%, unha décima por riba do estimado para o ano anterior, en tanto que as compras a terceiros países medran un 1,2% respecto ao ano precedente fronte ao 3,3% experimentado en 2018.

A análise do cadro macroeconómico de España dende o lado da oferta amosa que todos os sectores produtivos presentan taxas de crecemento interanuais positi-

Índices de competitividade de España 2010-19 (1)

	Fronte á zona euro			Fronte á UE-28			Fronte a novos países industrializados de Asia (2)	
	Con prezos ao consumo	Con prezos industriais	Con custos laborais unitarios	Con prezos ao consumo	Con prezos industriais	Con custos laborais unitarios	Con prezos ao consumo	Con prezos industriais
				(base 1999 =100)				
2010	110,0	108,7	113,4	110,0	109,1	112,1	111,0	103,7
2011	110,4	109,8	111,7	110,2	110,0	110,4	110,1	106,9
2012	110,3	110,0	106,8	109,6	109,8	105,2	99,6	99,7
2013	109,8	109,1	101,7	106,4	106,9	98,9	101,0	102,9
2014	109,1	108,8	101,1	106,0	106,8	98,5	99,4	102,2
2015	108,0	109,8	100,6	105,1	107,7	98,2	84,2	87,6
2016	107,3	109,4	98,8	104,6	107,5	96,3	85,5	89,1
2017	107,8	110,1	98,6	105,0	108,0	95,7	87,8	92,4
2018	107,8	110,2	97,8	105,1	108,1	94,7	90,2	95,4
2019	107,2	109,3	98,1	104,6	107,3	94,8	86,8	92,5

(1) a caída no Índice reflicte melloras na competitividade
(2) China, Corea do Sur, Filipinas, Hong-Kong, India, Indonesia, Malaisia, Singapur, Taiwán e Tailandia.
Fonte: Banco de España, *Boletín estadístico*

1.1.9.

vas agás o sector primario, que experimenta unha contracción do 2,6%, cando no ano anterior medrara case un 6%. En primeiro lugar, cómpre resaltar que o sector da construción, a pesar da acusada ralentización na xeración do veb, mantense como o sector de maior dinamismo, cun crecemento medio anual do 2,9%, máis de dous puntos e medio inferior ao estimado no ano anterior (5,7%). A continuación situaríase novamente o sector servizos, cunha taxa de variación interanual de 2,6%, unha décima menos que en 2018. Por contra, no último ano tan só o sector industrial experimentou un mellor comportamento en termos de crecemento interanual, cunha medra do 0,7% fronte á caída do 0,4% do ano anterior.

Atendendo á súa desagregación segundo ramas de actividade, todas as ramas do sector terciario presentan taxas de variación interanuais positivas agás as actividades artísticas, recreativas e outros servizos (seccións R-T, CNAE 2009), que rexistra unha caída do 0,2%. Cómpre resaltar dunha banda que as actividades profesionais, científicas e técnicas (seccións M-N) voltan a ser as que presentan as maiores taxas de variación interanual, cun 7,4%, sete décimas por riba do experimentado no ano anterior, situándose a continuación as actividades de información e comunicación (sección J), cun incremento do 3,7%, porcentaxe 1,2 puntos inferior á experimentada no ano anterior. A actividade do comercio, transporte e hostalería (seccións G-I) presenta un incremento do 2,7%, tres décimas máis que en 2018. No concernente ao sector industrial, a industria manufactureira presenta unha lixeira desaceleración no seu ritmo de crecemento, cunha medra do 0,5%, dúas décimas menos que no ano anterior.

Asemade, cómpre salientar que os datos correspondentes ao índice de competitividade da economía española en termos de prezos ao consumo e prezos industriais reflicten que España presenta unha mellora tanto fronte ao conxunto dos países da UE-28 como aos novos países industrializados de Asia. Por contra, e a diferenza do acontecido no ano anterior, España perde competitividade en termos de custos laborais unitarios (**cadro 1.1.9.**).

Atendendo á distribución funcional da renda, os datos da Contabilidade trimestral do INE amosan que por segundo ano consecutivo a remuneración por asalariado experimenta en España unha medra superior á rexistrada tanto polo PIB en termos correntes como polo excedente bruto de explotación/rendas mixtas. En 2019 a remuneración de asalariados incrementouse en España un 4,8% en relación ao ano anterior (4% en 2018), en tanto que o PIB en termos correntes o fai nun

Distribución funcional da renda en España 2008, 2018 e 2019 (1)

	PIB a prezos de mercado	Remuneración dos asalariados (2)	Excedente de explotación bruto /Renda mixta bruta (3)	Impostos netos sobre produción e importacións
		(en millóns de euros)		
2008	1.116.225	559.777	465.155	91.293
2018	1.202.193	544.579	531.844	125.770
2019	1.244.757	570.538	546.066	128.153
		(% / PIB)		
2008	100,0	50,1	41,7	8,2
2018	100,0	45,3	44,2	10,5
2019	100,0	45,8	43,9	10,3

(1) PIBpm (prezos correntes); datos correxidos de efectos estacionais e de calendario (Avance, consulta: 05-02-2020)

(2) Remuneración de asalariados: remuneración en efectivo e en especie a pagar polos empregadores aos seus asalariados como contrapartida do traballo realizado por estes durante o período contable. A remuneración de asalariados desagrégase en: soldos e salarios e cotizacións sociais a cargo dos empregadores.

(3) Excedente de explotación bruto/Renda mixta bruta: corresponde á renda que obteñen as unidades da utilización dos seus propios activos de produción. No caso das empresas non constituídas en sociedades correspondentes ao sector fogares fálase de renda mixta. Este agregado contén un elemento que corresponde á remuneración do traballo realizado polo propietario ou por membros da súa familia e que non pode distinguirse dos seus beneficios como empresario.

Fonte: INE, *Contabilidad Nacional Trimestral de España.*

1.1.10.

3,5%, porcentaxe similar á do ano precedente. Deste xeito, o peso da remuneración de asalariados aumenta ata o 45,8%, cinco décimas máis que en 2018 (**cadro 1.1.10.**).

O excedente bruto de explotación e a renda mixta, valor que indica o pago aos factores produtivos salvo os salarios aos traballadores, presenta no ano 2019 un incremento medio anual do 2,7%, unha décima por riba do rexistrado no ano anterior (2,6%). Asemade, os impostos netos sobre a produción e as importacións increméntanse un 1,9% fronte ao 5% experimentado no ano anterior.

En termos agregados, a ralentización da actividade económica trasládase ao mercado de traballo atendendo á evolución da ocupación e da redución do desemprego. Dunha banda, as contas económicas amosan que o incremento da ocupación –medido en termos de postos de traballo equivalente a tempo completo– foi de 406.100 persoas (37.300 menos que no ano anterior), aumentando o número de persoas en alta laboral afiliadas á Seguridade Social en España en torno ás 488.000 persoas en relación ao ano anterior (un 2,6%) e a poboación ocupada estimada pola EPA aumenta en torno ás 451.600 persoas (51.300 menos que en 2018).

Doutra banda, o número de parados rexistrados nas oficinas do Servizo Público de Emprego en 2019 descende en torno ás 130.300 persoas en relación á mesma data do ano anterior (-4%) e o paro estimado pola EPA redúcese en 231.300 persoas (–6,6%). Influenciado pola redución da poboación activa e a devandita creación de emprego, a taxa de paro en España descende ata o 14,1%, unha taxa que a nivel europeo só está por debaixo da grega.

• Comunidades Autónomas

Segundo os datos recollidos nas Contas económicas trimestrais, Galicia volve a presentar unha evolución do PIB per cápita máis positiva que o conxunto do Estado, rexistrando en 2019 unha medra do 2,9%, dúas décimas por riba do acontecido de media en España. No último ano, o PIB nominal por habitante ascende en Galicia a 23.432 euros, o que supón o 89,2% do PIB per cápita español.

O PIB nominal (termos correntes) experimentou en Galicia unha medra do 2,9%, sete décimas menos que a

Mercado de traballo en Galicia e España 2018-19

	Galicia		España	
	2018	2019	2018	2019
	(taxas de variación interanual)			
PIB (1)	2,2	1,8	2,4	2,0
Emprego				
Afiliados en alta na Seguridade Social	2,4	1,7	3,1	2,6
Ocupación	2,4	1,6	2,7	2,3
Paro estimado	-15,2	-12,1	-11,2	-6,6
Paro rexistrado	-10,2	-6,5	-6,5	-4,0
Regulación do emprego				
Traballadores afectados por expedientes autorizados	82,2	-22,9	26,8	22,0
Desenvolvemento empresarial				
Empresas inscritas Seguridade Social (2)	0,7	-0,7	1,5	-0,5
Sociedades mercantis creadas (3)	-1,7	-5,9	0,8	-0,8

(1) PIBpm (índices de volume encadenados), datos correxidos de efectos estacionais e de calendario, base 2015 (consulta: 03-03-2020); datos 2018 e 2019 son avances

(2) empresas inscritas no Réxime Xeral e no Réxime da Minería e do Carbón

(3) datos 2019 son provisionais

Fonte: IGE, INE e Ministerio de Trabajo y Economia Social

1.1.11.

Emprego nas CC.AA. 2018-19

	Emprego 2018			Emprego 2019		
	Taxa Actividade	Taxa Ocupación (%)	Taxa paro	Taxa Actividade	Taxa Ocupación (%)	Taxa paro
Andalucía	56,9	43,8	23,0	56,8	44,8	21,2
Aragón	58,7	52,4	10,6	59,2	53,3	10,0
Asturias	50,8	43,9	13,6	50,7	43,5	14,2
Baleares	64,4	57,0	11,5	64,4	56,8	11,7
Canarias	60,4	48,3	20,1	60,1	47,8	20,5
Cantabria	54,8	49,0	10,7	55,1	49,4	10,3
Castela e León	54,5	47,9	12,1	54,8	48,5	11,6
Castela-A Mancha	58,8	48,1	18,2	58,5	49,0	16,2
Cataluña	61,3	54,2	11,5	61,6	54,8	11,0
C. Valenciana	58,5	49,4	15,6	58,2	50,0	14,1
Estremadura	55,3	42,2	23,6	55,6	43,7	21,5
Galicia	53,3	46,2	13,3	53,1	46,9	11,8
Madrid	62,9	55,2	12,2	62,8	56,2	10,6
Murcia	59,3	49,4	16,8	59,1	50,4	14,7
Navarra	59,1	53,2	10,0	58,6	53,8	8,2
País Vasco	56,3	50,7	10,0	56,2	51,0	9,2
A Rioxa	59,2	53,0	10,4	59,5	53,6	10,0
Ceuta	58,8	41,7	29,0	58,1	43,1	25,8
Melilla	62,8	46,6	25,8	60,5	44,2	27,0
Total	58,7	49,7	15,3	58,6	50,4	14,1

Fonte: *EPA*

1.1.12.

economía española. Ao mesmo tempo, a poboación galega mantense constante no último ano rexistrando por contra España unha medra do 0,9%.

No que atinxe ao emprego, os datos recollidos no **cadro 1.1.12.** reflicten que a taxa de actividade sitúase en España no 58,6% fronte ao 53,1% de Galicia, en tanto que as taxas de ocupación e paro sitúanse no 50,4% e 14,1%, respectivamente (46,9% e 11,8% en Galicia). Atendendo á situación nas distintas CC.AA., cómpre mencionar que Galicia atópase entre as CC.AA. coas taxas de actividade e ocupación máis reducidas de España. En concreto, sitúase como a segunda Comunidade Autónoma coa taxa de actividade máis reducida,

Ranking das CC.AA. Segundo o Índice de competitividade rexional 2009-2018

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
1	Madrid	Madrid	Madrid	Madrid	Madrid	Madrid	Madrid	Madrid	Madrid	Madrid
2	Navarra	Navarra	Navarra	País Vasco	País Vasco	País Vasco	País Vasco	País Vasco	País Vasco	Navarra
3	País Vasco	País Vasco	País Vasco	Navarra	Navarra	Navarra	Navarra	Navarra	Navarra	País Vasco
4	Cataluña	Cataluña	Cataluña	Cataluña	Cataluña	Cataluña	Cataluña	Cataluña	Cataluña	Cataluña
5	Aragón	Aragón	Aragón	A Rioxa	Aragón	Aragón	Asturias	Aragón	Aragón	Aragón
6	A Rioxa	A Rioxa	A Rioxa	Aragón	A Rioxa	A Rioxa	Aragón	A Rioxa	A Rioxa	A Rioxa
7	Castela e León	Castela e León	Castela e León	Cantabria	Asturias	Cantabria	A Rioxa	Castela e León	Castela e León	Castela e León
8	Asturias	Cantabria	Asturias	Asturias	Castela e León	Asturias	Cantabria	Cantabria	Asturias	Galicia
9	Galicia	Galicia	Galicia	Castela e León	Cantabria	Castela e León	Castela e León	Asturias	Cantabria	Cantabria
10	Cantabria	Asturias	Cantabria	Galicia	Galicia	Galicia	Galicia	Galicia	Galicia	Asturias
11	C. Valenciana	C. Valenciana	C. Valenciana	Baleares	C. Valenciana	C. Valenciana	C. Valenciana	C. Valenciana	C. Valenciana	C. Valenciana
12	Baleares	Canarias	Murcia	Murcia	Baleares	Murcia	Murcia	Baleares	Murcia	Murcia
13	Canarias	Murcia	Baleares	C. Valenciana	Murcia	Baleares	Baleares	Murcia	Baleares	Baleares
14	Murcia	Baleares	Canarias	Canarias	Canarias	Canarias	Castela-A Mancha	Canarias	Castela-A Mancha	Castela-A Mancha
15	Castela-A Mancha	Estremadura	Andalucía	Castela-A Mancha	Castela-A Mancha	Castela-A Mancha	Canarias	Castela-A Mancha	Canarias	Canarias
16	Andalucía	Castela-A Mancha	Castela-A Mancha	Andalucía	Andalucía	Andalucía	Andalucía	Andalucía	Andalucía	Andalucía
17	Estremadura	Andalucía	Estremadura	Estremadura	Estremadura	Estremadura	Estremadura	Estremadura	Estremadura	Estremadura

Fonte: Consejo General de Economistas, "Informe *de la Competitividad Regional en España 2019*"

1.1.13.

tan só por diante de Asturias (50,7%), e a cuarta con menor taxa de ocupación tras Asturias (43,5%), Estremadura (43,7%) e Andalucía (44,8%), ademais de Ceuta e Melilla (43,1% e 44,2%, respectivamente).

Finalmente, cómpre facer referencia á evolución da competitividade rexional de Galicia en relación ao resto das CC.AA. Atendendo á evolución do Índice de Competitividade Rexional (ICREG) elaborado polo Consejo General de Economistas na súa publicación "Informe de la Competitividad Regional en España 2019", Madrid lidera o ranking das CC.AA. con maiores ICREG, seguida por Navarra e País Vasco. No extremo oposto situaríanse Estremadura, Andalucía e Canarias. Galicia permanece dentro do grupo de CC.AA. cun nivel competitivo medio-baixo, ao igual que A Rioxa, Castela e León, Cantabria, Asturias e a C. Valenciana. Como se amosa no **cadro 1.1.13.**, atendendo ao valor do ICREG Galicia sitúase no oitavo posto no último ano analizado, cando entre os anos 2012 ata 2017 situábase no décimo posto.

Dende un punto de vista dinámico, a competitividade estrutural en promedio medrou en España un 5,2%, correspondendo a Estremadura, Castela-A Mancha, Baleares, Canarias e Galicia o dinamismo máis elevado en 2018. Por contra, Cataluña, Murcia, País Vasco e A Rioxa presentan un estancamento relativo no último ano analizado. No que se refire á análise da competitividade da economía galega segundo eixos, o **cadro 1.1.14.** amosa un comportamento moi desigual. Mentres que o entorno institucional presenta un dinamismo intenso, e o mercado de traballo e a eficiencia empresarial melloran moderadamente, o entorno económico, o capital humano e a innovación melloran por debaixo do promedio.

O devandito informe sinala que os indicadores coas achegas máis positivas corresponden á taxa de ocupación, coeficiente de apertura externa e taxa de aforro (Eixo 1); taxa de paro, taxa de paro de longa duración e ninis (E2); abandono educativo (E3) desigualdade, saldo de AA.PP., débeda por habitante e delitos (E4); e em-

Perfil do Índice de Competitividade Rexional (ICREG) en Galicia 2018

	2018		2018/2017
	Ranking	Nivel competitivo	Dinamismo relativo
Eixo 1.- Entorno económico	7	MEDIO BAIXO	LEVE
Eixo 2.- Mercado de traballo	10	MEDIO ALTO	MODERADO
Eixo 3.- Capital humano	11	MEDIO BAIXO	LEVE
Eixo 4.- Entorno institucional	5	ALTO	INTENSO
Eixo 5.- Infraestruturas básicas	14	BAIXO	SEN CAMBIOS
Eixo 6.- Eficiencia empresarial	15	BAIXO	MODERADO
Eixo 7.- Innovación	9	MEDIO BAIXO	LEVE
Galicia	**8**	**MEDIO BAIXO**	**MODERADO**

Fonte: Consejo General de Economistas, "*Informe de la Competitividad Regional en España 2019*"

1.1.14.

presas exportadoras regulares, mulleres empregadoras e variación de CLU (E6). Pola contra, as contribucións máis negativas obtense na variación real do PIB e o investimento estranxeiro directo (E1) e o dinamismo empresarial (E6).

Tras esta evolución, a foto fixa do ano 2018 reflicte que o nivel competitivo volve a ser medio alto e alto nos casos dos eixos do mercado de traballo e o entorno institucional, respectivamente, cualificándose como baixo no caso das infraestruturas básicas e a eficiencia institucional. En comparación co resto das CC.AA., cómpre resaltar que os eixos que presentan unha mellor posición relativa corresponden aos entornos institucional e económico, que ocupan o quinto e sétimo posto, respectivamente, mentres que a eficiencia empresarial e as infraestruturas básicas ocupan os postos décimo quinto e décimo cuarto, respectivamente.

Panorama económico da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal

A Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal ocupa unha superficie de 50.861 quilómetros cadrados e conta cunha poboación de 6.273.024 habitantes a 1 de xaneiro de 2019, case 6.400 persoas menos que no ano anterior, o que implica unha densidade media de 123,3 habitantes por quilómetro cadrado. En relación á UE-28, a Eurorrexión representa o 1,1% da súa superficie, situándose o peso relativo da súa poboación no 1,2%.

En termos de PIB per cápita en paridade de poder adquisitivo, a Eurorrexión racha en 2018, último dato dispoñible, co seu proceso de converxencia coa media comunitaria. O PIB por habitante da Eurorrexión representa o 72,1% dos 28 países da UE, porcentaxe similar á do ano anterior. Como se aprecia no **cadro 1.1.15.**, existe unha importante diferenza entre Galicia e o Norte de Portugal, acadando este indicador os 81,5 puntos en Galicia (UE28 = 100) fronte aos 65,0 puntos na rexión portuguesa. Cómpre resaltar que dende a recuperación económica o PIB per cápita medra 2,6 puntos fronte aos 2,0 do norte de Portugal; con todo, no último ano considerado o norte de Portugal continúa o seu proceso de converxencia coa media europea, a diferenza do acontecido no caso de Galicia.

No concernente ao emprego, os datos publicados en Eurostat amosan que a poboación activa en Galicia descende lixeiramente en 2019 para situarse en 1.241.100 persoas (2.400 menos que no ano precedente), en tanto que aumenta na rexión norte de Portugal acadando un total de 1.838.300 persoas (4.600 persoas activas máis). A taxa de actividade das dúas rexións

Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal: principais indicadores

			Eurorrexión	Galicia	Rexión Norte	UE-28
Superficie	*(en Km²)*		50.860,7	29.574,8	21.285,9	4.439.549,0
Poboación						
Poboación de dereito		*01/01/2019*	6.273,0	2.700,4	3.572,6	513.471,7
	(miles de persoas)	*01/01/2018*	6.279,4	2.703,1	3.576,2	512.372,0
		01/01/2017	6.294,8	2.710,2	3.584,6	511.378,6
		01/01/2016	6.323,9	2.720,1	3.603,8	510.181,9
		01/01/2015	6.356,4	2.734,7	3.621,8	508.520,2
Densidade de poboación	*(habs. / km²)*	*01/01/2019*	123,3	91,3	167,8	115,7
Mercado de traballo						
Poboación ocupada						
Sector primario			5,7	6,1	5,4	3,9
Industria	*(%)*	*2019*	22,7	16,4	26,8	17,1
Construción			6,8	6,4	7,1	6,8
Servizos			64,7	71,1	60,7	72,2
Desemprego (taxas paro)						
Total			8,7	11,8	6,7	6,3
Longo prazo (1)	*(%)*	*2019*	3,7	4,6	3,0	2,5
Feminino			9,6	12,8	7,5	6,6
Mozos (menores de 25 anos)			19,9	27,9	16,7	14,4
Produto interior bruto						
		2016	133.684	64.805	68.878	14.985.310
PIBpm	*(millóns de €)*	*2017*	136.785	66.958	69.827	15.409.891
		2018	140.574	68.374	72.201	15.907.594
		2016	72,0	81,1	65,1	100
PIB per cápita	*(%, UE-28=100)*	*2017*	72,1	82,0	64,6	100
		2018	72,1	81,5	65,0	100

(1) porcentaxe de desempregados de longa duración (12 meses ou máis) entre a poboación activa
Consulta a 18/05/2020
Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de EUROSTAT

1.1.15.

europeas é do 52,6% e do 59%, respectivamente, porcentaxe que se mantén no 56,3% no conxunto da Eurorrexión, 1,8 puntos inferior á media comunitaria (58,1%).

A ocupación na Eurorrexión ascendeu no ano 2019 a 2.811.200 de persoas (o 51,4% da poboación de 15 ou máis anos), dos que o 64,7% dos traballadores estaban ocupados nas ramas de actividade do sector servizos. O conxunto das ramas industriais abrangue o 22,7% das persoas traballadoras, mentres que o sector primario e a construción acollen o 5,7% e o 6,8%,respectivamente.

Con todo, cómpre salientar a distinta importancia relativa dos sectores económicos en Galicia e o Norte de Portugal en termos de poboación ocupada. Segundo os datos de Eurostat, mentres que Galicia rexistra unha maior importancia relativa da ocupación no sector servizos, acollendo o 71,1% das persoas ocupadas fronte ao 60,7% no norte de Portugal, nesta última rexión o peso relativo da poboación ocupada no sector industrial é case dez puntos e medio superior ao rexistrado en Galicia: o 26,8% e o 16,4%, respectivamente. No caso do sector primario, a ocupación nestas actividades representa o 6,1% da ocupación total en Galicia fronte ao 5,4% no norte de Portugal.

Galicia reduce a súa taxa de paro ata o 11,8%, situándose esta rateo significativamente por riba tanto da media europea como da rexistrada na rexión Norte de Portugal. No último ano a taxa de paro acada no norte de Portugal o 6,7% e na Eurorrexión o 8,7%, porcentaxe superior á media europea, que no último ano descendeu ata o 6,3%. O desemprego dos menores de 25 anos a pesar do descenso, presenta valores preocupantes en Galicia, onde a taxa de paro rexistra o 27,9% fronte ao 16,7% no norte de Portugal e o 19,9% na Eurorrexión (14,4% na UE-28). ❑

1.2. Indicadores macroeconómicos de Galicia

O cadro macroeconómico de Galicia amosa que o Produto Interior Bruto (PIB) en termos reais presenta por terceiro ano consecutivo unha moderación no seu ritmo de crecemento, rexistrando no conxunto do ano unha medra do 1,8%, catro décimas menos que no ano anterior. Así mesmo, Galicia volve a presentar un menor dinamismo que a economía española, mantendo o diferencial existente en dúas décimas (o PIB español medra un 2% en 2019).

A demanda interna constitúe novamente o motor de crecemento da economía galega, xa que a demanda externa detrae nos últimos tres anos décimas ao crecemento agregado do PIB (1,2 puntos porcentuais en 2019). A achega da demanda interna mantense no último ano en tres puntos porcentuais, sendo os aspectos máis positivos da mesma o maior dinamismo do consumo final, tanto privado como público, que medra un 3% respecto ao ano anterior, o que contrasta coa ralentización experimentada no caso do investimento (2,7% en 2019). No que se refire aos compoñentes do sector exterior, as exportacións redúcense en Galicia un 0,4%, presentando así mesmo unha ralentización da taxa de crecemento das importacións (1,8% no último ano).

Dende o punto de vista da oferta, as distintas ramas de actividade mostran un crecemento positivo do VEB aportado, a excepción das ramas industriais enerxéticas e extractivas consideradas no seu conxunto. Entre os grandes sectores hai que destacar o comportamento do sector servizos, que non só se sitúa como o sector que presenta as taxas de variación interanuais máis elevadas, senón que tamén presenta un maior dinamismo en comparación co rexistrado no ano anterior. Asemade, hai que mencionar o incremento do 0,2% experimentado polo sector primario, quen no ano anterior presentara unha contracción do 1,9%.

No concernente á distribución das rendas, a remuneración de asalariados mantén no último ano a súa tendencia positiva iniciada en 2015 tras seis anos consecutivos de redución. A remuneración dos asalariados medrou en Galicia un 4,0% respecto ao ano anterior, sendo este incremento do 1,6% no caso do excedente bruto de explotación/renda mixta (EBE) e dun 3,6% nos impostos netos sobre produción e importacións. Tras esta evolución, a participación dos asalariados na renda sitúase no 44,6%, seis décimas máis que no mesmo período do ano anterior, en tanto que

o peso relativo do EBE redúcese ata o 45,2%, tres décimas menos que en 2018. O restante 10,4% corresponde aos impostos netos sobre produción e importacións.

A devandita evolución da actividade económica reflíctese no mercado de traballo, que presenta unha desaceleración no ritmo de creación do emprego, xa se mida en termos de poboación ocupada, afiliacións ou postos de traballo equivalentes a tempo completo, así como unha ralentización no descenso do desemprego estimado pola EPA e o rexistrado no Servizo público de emprego. Con este crecemento do PIB continúa sen frearse a caída da poboación potencialmente activa (16-64 anos), especialmente significativa no caso dos activos con idades comprendidas entre 25 e 34 anos.

As contas económicas reflicten que o número de postos de traballo equivalente a tempo completo increméntase un 1,2% en relación ao ano anterior (11.982 persoas). No ano 2019 o número total de postos de traballo equivalentes a tempo completo ascende a 1.024.108, cifra aínda un 13,2% inferior á rexistrada dez anos antes.

A produtividade aparente do factor traballo en Galicia, tanto se se mide en relación ao número de postos de traballo a tempo completo como ao número de horas traballadas, presenta unha evolución positiva, se ben está por debaixo da media española (91% e 89% da produtividade española, respectivamente). Tendo en conta o menor incremento do PIB nominal galego (2,9% fronte ao 3,6% en España), en 2019 prodúcese unha leve converxencia coa produtividade media no conxunto do Estado por mor da debilidade relativa da creación de emprego en Galicia en comparación co mercado de traballo en España.

Asemade, cómpre mencionar que a industria manufactureira presenta unha produtividade moi inferior á media española, situándose no último ano no 78% da produtividade española en termos de PIB por posto de traballo equivalente a tempo completo, sete décimas menos que no ano anterior (76,9% en 2008 e 71% no ano 2013). En termos de horas traballadas, a produtividade galega representa o 80,8%, un punto menos que no ano anterior (78,5% ao comezo da crise económica en 2008 e 72,9% no ano 2013).

Análise do PIB

As Contas económicas trimestrais de Galicia reflicten a ralentización do ritmo de crecemento da economía galega. No conxunto do ano 2019, o PIB de Galicia medido en termos reais medrou un 1,8% respecto ao ano anterior, catro décimas menos que o estimado para 2018. Como se reflicte no **cadro 1.1.7.**, *[PIB en Galicia e España 2008-2019: evolución]*, o ritmo de crecemento da economía da Comunidade Autónoma de Galicia é, con carácter xeral, máis feble que o do conxunto do Estado dende o primeiro trimestre de 2017 (tan só en tres dos últimos doce trimestres o PIB galego presenta un crecemento similar).

Por terceiro ano consecutivo, a achega da demanda externa ao crecemento agregado do PIB é negativa, detraendo en 2019 un punto e dúas décimas, o nivel máis elevado dende o ano 2006. A demanda interna constitúe, por tanto, o motor de crecemento da economía galega mantendo a súa contribución en tres puntos porcentuais.

A diferenza do que acontece en Galicia, o conxunto do Estado presenta un crecemento máis equilibrado, con achegas positivas ao crecemento interanual do PIB tanto da demanda interna (1,5 puntos) como da demanda externa (0,4 puntos).

No que respecta á evolución dos compoñentes da demanda interna, **cadro 1.2.2.**, o ano 2019 caracterízase por un maior dinamismo do consumo final, que medra un 3%, catro décimas máis que no ano anterior, así como pola ralentización do investimento, medido pola formación bruta de capital, que medra un 2,7% fronte ao 4,9% do ano anterior. Comparado co acontecido no conxunto do Estado, os dous compoñentes presentan unha maior intensidade no seu ritmo de crecemento, ao medrar en España o gasto en consumo final un 1,4% e o investimento un 1,9%.

No concernente ao consumo, tanto o gasto das familias como o das administracións públicas presentan taxas

PIB, achega da demanda interna e sector exterior 2008-19



(1) PIBpm; datos correxidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 3-03-2020)
Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais de Galicia.*

1.2.1.

PIB 2018-19: distribución segundo as súas compoñentes (1)

	2018	2019	2018				2019			
			trimestres							
			I	II	III	IV	I	II	III	IV
			(taxas de variación interanual)							
Gasto en consumo final	2,6	3,0	3,1	2,8	2,1	2,5	2,4	3,0	3,4	3,0
Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	3,1	3,3	3,7	2,9	2,8	2,9	3,1	3,4	3,5	3,2
Gasto en consumo final das AA.PP.	1,3	1,9	1,2	2,4	0,2	1,3	0,4	1,6	3,1	2,6
Formación bruta de capital fixo	4,9	2,7	5,5	6,7	3,3	4,1	4,7	3,3	3,1	-0,4
Demanda interna (2)	3,0	3,0	3,6	3,4	2,4	2,8	2,9	3,1	3,4	2,5
Exportacións de bens e servizos	3,1	-0,4	4,1	4,3	4,2	-0,3	-0,1	-5,3	1,7	2,4
Importacións de bens e servizos	4,6	1,8	6,4	6,3	4,7	1,1	1,6	-2,6	4,7	3,6
PIB a prezos de mercado	2,2	1,8	2,3	2,4	2,0	2,1	1,9	1,7	1,7	1,8
VEB. Ramas agraria e pesqueira	-1,9	0,2	-2,2	-1,9	-2,2	-1,5	-0,1	0,4	0,3	0,0
VEB. Ramas industriais	3,8	-1,3	6,8	4,3	2,5	1,6	-2,5	-2,3	-0,9	0,4
VEB. Industria manufactureira	3,3	0,9	6,9	5,0	1,3	0,1	-1,1	-1,1	2,9	2,9
VEB. Construción	4,6	2,6	4,1	5,1	5,2	3,9	4,7	3,6	1,7	0,6
VEB. Ramas dos servizos	1,9	2,7	1,2	1,9	2,0	2,4	3,1	2,6	2,6	2,5
Impostos netos sobre os produtos	1,9	1,1	3,0	2,4	1,6	0,9	1,0	0,7	1,2	1,7

(1) PIBpm (índices de volume encadenados); datos correxidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 01-06-2020)
(2) Demanda interna en termos nacionais
Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais de Galicia.*

1.2.2.



Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais de Galicia.*

1.2.3.

de crecemento superiores ás do ano anterior. Dunha banda, o gasto privado en Galicia medra un 3,3%, dúas décimas máis que no ano anterior, sendo esta porcentaxe do 1,1% no conxunto do Estado. Os principais indicadores de consumo mostran en 2019 un maior dinamismo que no exercicio anterior; así, o índice de vendas do comercio polo miúdo medra un 1,9% respecto ao ano anterior (prezos constantes), 1,3 puntos porcentuais máis que en 2018; as importacións de bens de consumo increméntanse un 16,8%; ou a produción de bens de consumo duradeiro presentan unha taxa de variación interanual do 3,6%.

Por outra banda, no conxunto do ano 2019 o consumidor galego ten unha percepción lixeiramente máis pesimista atendendo á evolución do indicador de confianza. Este indicador toma valores entre –100 e 100, correspondendo os valores entre 0 e 100 con percepcións favorables e entre 0 e –100 con percepcións desfavorables, tanto máis pesimistas ou optimistas canto máis se aproximen aos valores extremos. No ano 2019 este indicador acada un valor negativo de –12,6 puntos, cando no ano precedente era de –10 puntos. Asemade, empeora a percepción da situación da economía galega que se sitúan en –10,8 puntos cando no ano anterior ascendía a -4,9 puntos (no cuarto trimestre do ano era de -21,5 puntos). No que atinxe ao desemprego, o pesimismo aumenta dende os -5,5 puntos ata os -13,5 puntos (-27,2 no derradeiro trimestre do ano).

O consumo das Administracións públicas en Galicia

Consumo e investimento en Galicia e España 2018-19: principais indicadores

		Galicia		España	
		2018	2019	2018	2019
		(taxas de variación interanual)			
Consumo					
Índice de vendas do comercio polo miúdo	*(prezos correntes)*	2,4	1,8	2,7	2,5
Índice de vendas do comercio polo miúdo	*(prezos constantes)*	0,6	1,9	0,8	2,4
Produción de bens de consumo		0,9	6,0	-0,1	1,5
Produción de bens de consumo duradeiro		-17,7	3,6	-1,9	-1,1
Produción de bens de consumo non duradeiro		2,4	6,2	0,0	1,7
Importación de bens de consumo		-1,8	16,8	1,6	5,4
Ocupación hoteleira		0,1	5,2	-1,0	0,0
Gasto de Administracións Públicas		1,3	1,9	1,9	2,2
Investimento					
Produción de bens de equipo *(índice de producción industrial)*		1,9	5,4	2,7	2,5
Importacións de bens de equipo		21,6	14,6	1,7	3,9
Licitación pública					
Total		79,4	-12,5	29,4	9,1
Administración Xeral do Estado		79,7	-11,9	41,4	17,0
Administración autonómica		58,6	-9,8	6,7	42,7
Administracións local		101,1	-15,3	38,0	-16,9

(1) presentan valores que oscilan entre -100 e +100, sendo os resultados máis optimistas tanto para o momento actual como para o futuro os que máis se acerquen ao punto máximo

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de IGE, INE, ICES e Seopan

1.2.4.

medra un 1,9%, fronte ao 1,3% do ano anterior, sendo esta medra novamente inferior á rexistrada no conxunto do Estado (2,2%).

En relación ao investimento en bens de equipo, é dicir, os utilizados como medios de produción no proceso produtivo de bens e servizos, os datos de variación media anual do índice de produción industrial, recollidos no **cadro 1.2.4.**, reflicten unha medra do 5,4% no ano 2019 (2,5% en España) cando no ano anterior Galicia presentaba unha taxa media do 1,9% (2,7% en España).

No que respecta á demanda externa, o cadro macroeconómico de Galicia, que ten en conta tanto as relacións comerciais con terceiros países como co resto das CC.AA. españolas, reflicte a súa achega negativa ao crecemento do PIB, consecuencia do aumento das importacións e da redución das exportacións. Dunha banda, contráese o ritmo de crecemento das exportacións galegas de bens e servizos, que descenden a unha taxa interanual do 0,4% en relación ao ano anterior. Doutra banda, as importacións presentan un incremento de 1,8%. Como reflicte o devandito **cadro 1.2.2.**, ambas variables presentan un peor comportamento que no ano anterior, cando as exportacións medraron un 3,1% e as importacións o fixeron un 4,6%. No conxunto do Estado rexístrase un incremento tanto das exportacións como das importacións, situándose as taxas de variación interanuais no 2,3% e 1,2%, respectivamente.

En termos monetarios, e segundo os datos a prezos correntes das Contas económicas trimestrais, as vendas fóra de Galicia ascenden a 33.328,9 millóns de euros no último ano, en tanto que as importacións acadan un valor de 35.821,4 millóns de euros. Deste xeito, a balanza comercial galega mantén un saldo negativo, acadando os 2.492,5 millóns de euros.

A información proporcionada pola Axencia Estatal da Administración Tributaria indica que o valor total das exportacións declaradas, excluído o resto do territorio español, descendeu no ano 2019 ata os 22.196,7 millóns de euros (2,9% menos que no ano anterior), consecuencia da contracción do valor das expedicións galegas a países comunitarios (3,8%) que supera o incremento das vendas ao resto dos países (0,3%). O valor total das importacións/introducións acadou os

19.814,1 millóns de euros, un 4,2% máis que no ano anterior, estando este incremento influenciado tanto pola evolución das compras a países da UE (5,8% máis que no ano anterior) como polas procedentes de terceiros países (2,3%).

Atendendo á natureza dos bens, o 56% do valor total das exportacións corresponden a bens de consumo fronte ao 33,9% dos bens intermedios e un 10,1% aos bens de capital. No conxunto do Estado predomina o comercio de bens intermedios, ao representar máis da metade do valor das exportacións (53,1%) fronte ao 38,1% no caso dos bens de consumo. No que respecta ás importacións, tanto en Galicia como en España son fundamentalmente de bens intermedios, que representan o 63,1% e 62,8% do valor total das compras exteriores, fronte aos 32,9% das importacións de bens de consumo en Galicia e o 28,5% en España.

• Agregados da oferta

As distintas ramas de actividade analizadas polas Contas económicas trimestrais de Galicia presentan en 2019 taxas de crecemento interanuais positivas agás as industrias enerxéticas e extractivas consideradas no seu conxunto. A nivel agregado, cómpre resaltar en primeiro lugar que o sector terciario non só se sitúa en 2019 como a actividade de maior crecemento, cun 2,7%, senón que é xunto co sector primario (0,2%), o que presenta unha evolución máis positiva que no ano anterior. Doutra banda, a construción presenta unha taxa do 2,6%, mentres que a industria considerada no seu conxunto contráese un 1,3%.

En comparación co que acontece no conxunto do Estado, o sector primario presenta en Galicia un mellor comportamento (-2,6% en España), ao igual que a industria manufactureira (0,5%) e o sector servizos (2,6%). De xeito contrario, a construción en España presenta un ritmo de crecemento superior ao galego (2,9% no Estado).

No que ao sector industrial se refire, a devandita contracción na xeración do VEB en 2019 non se rexistraba dende o comezo da recuperación económica. Con todo, esta caída no veb industrial non é homoxénea tendo en conta que o conxunto das ramas manufactureiras medra un 0,9% (0,5% no conxunto do Estado). Asemade, esta industria manufactureira presenta unha forte desaceleración tendo en conta que medra un 3,3% en 2018, sendo o crecemento medio anual do 4,8% no período 2014-2018 (2,8% no sector industrial).

O sector da construción mantén a desaceleración no ritmo de crecemento da súa actividade produtiva experimentada no ano anterior, rexistrándose unha taxa de variación interanual do 2,6%, dous puntos menos que a rexistrada en 2018. No conxunto do Estado o VEB xerado polo sector da construción no ano 2019 aumenta nun 2,9%.

No concernente ao sector servizos, cómpre resaltar que ao igual que acontecía no ano anterior todas as ramas de actividade consideradas presentan taxas de variación interanuais positivas. Pola importancia que a actividade de comercio, transporte e hostalería ten en canto ao seu peso relativo no VEB galego, cómpre mencionar o crecemento do 3,4% experimentado no ano 2019, 1,2 puntos superior ao rexistrado en 2018. Con todo, tanto o sector terciario no seu conxunto como as actividades comerciais, transporte e hostalería presentan unha desaceleración no seu ritmo de crecemento a medida que pasa o ano. Os servizos non de mercado presentan un importante dinamismo en relación ao ano precedente, cunha medra de 2,3% fronte ao 0,7% en 2018.

No concernente á estrutura produtiva da economía galega, o 23,6% do valor engadido bruto xerado en Galicia no ano 2019 corresponde ás actividades de comercio, transporte e hostalería, situándose a continuación a administración pública, sanidade e educación, cun 18,7%; e a industria manufactureira, que achega o 13,2%. A construción aporta o 7,7% do VEB galego e as actividades do sector primario, un 5,2% do total.

Do **cadro 1.2.5.** despréndese que dende o comezo da recuperación económica en 2014 aumenta o peso relativo do sector servizos ata o 69,9% do VEB, oito décimas máis, consecuencia do aumento de peso das actividades de comercio, transporte e hostalería (nove décimas máis que en 2014) e as actividades profesionais (catro décimas), que compensa a perda de peso

Estrutura produtiva de Galicia 2008, 2014 e 2019

(% do VEB)



Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais de Galicia.*

1.2.5.

das actividades de administración pública, sanidade e educación (tres décimas menos que en 2014). O conxunto do sector industrial reduce e seu peso en 1,2 puntos, a diferenza do que acontece coa industria manufactureira, que presenta unha importancia relativa superior (sete décimas).

Se a comparación se fai coa estrutura produtiva existente antes da crise económica, cómpre destacar unha medra importante do peso relativo das actividades do sector servizos en xeral e do comercio, transporte e hostalería en particular (22,3% en 2008), a diferenza do que acontece en sectores como a construción, que presenta unha forte caída (11,7% en 2008), ou a industria manufactureira, que supuña o 13,8% do veb galego en 2008.

• Distribución da renda

Os datos da remuneración de asalariados recollidos no cadro macroeconómico reflicten que se mantén a tendencia positiva do incremento iniciado no ano 2015 tras seis anos consecutivos de caídas (entre 2009 e 2014). A remuneración salarial mantén no último ano unha taxa de crecemento interanual do 4%, situándose a medra da actividade produtiva, medida en termos de PIB nominal prezos correntes, no 2,9%. Por contra, o excedente de explotación bruto/renda mixta bruta (EBE) aumenta un 1,6% en relación ao ano anterior (2,3% en 2018). Tras esta evolución, a participación dos asalariados na renda mantén a súa tendencia ascendente, situándose no 44,6%, cinco décimas máis que no mesmo período do ano precedente, en tanto que o peso relativo do EBE descende ata o 45%, seis décimas menos.

No que respecta á evolución da distribución da renda no período 2008-2019, a participación dos asalariados na renda diminúe en 1,8 puntos porcentuais, pasando do 46,4% no ano 2008 ata o devandito 44,6% do último ano. Pola contra, o peso dos impostos netos sobre a produción e as importacións aumenta en 2,4 puntos (10,4 % do PIB en 2019) en tanto que descende en seis

Asignación funcional da renda 2008-19(1)

	Remuneración dos asalariados (2)	Excedente de explotación bruto /Renda mixta bruta (3)	Impostos netos sobre produción e importacións	PIB a prezos de mercado
		(en millóns de euros)		
2008	27.392,4	26.928,3	4.749,7	59.070,4
2009	27.310,3	24.984,3	4.623,2	56.917,8
2010	26.787,1	25.013,0	5.157,6	56.957,7
2011	26.391,3	24.231,6	5.003,9	55.626,8
2012	24.669,0	23.699,4	5.130,2	53.498,6
2013	24.405,9	23.570,4	5.306,7	53.283,0
2014	24.175,4	24.252,7	5.440,1	53.868,2
2015	24.794,8	25.036,4	5.736,9	55.568,1
2016	25.355,7	26.480,0	5.720,4	57.556,2
2017	26.061,8	27.410,0	6.036,4	59.508,2
2018	27.100,1	28.031,2	6.364,5	61.495,8
2019	28.188,6	28.493,4	6.590,7	63.272,6



(1) PIBpm (prezos correntes); datos correxidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 3-03-2020)

(2) Remuneración de asalariados: remuneración en efectivo e en especie a pagar polos empregadores aos seus asalariados como contrapartida do traballo realizado por estes durante o período contable. A remuneración de asalariados desagrégase en: soldos e salarios e cotizacións sociais a cargo dos empregadores.
(3) Excedente de explotación bruto/Renda mixta bruta: corresponde á renda que obteñen as unidades da utilización dos seus propios activos de produción. No caso das empresas non constituídas en sociedades correspondentes ao sector fogares fálase de renda mixta. Este agregado contén un elemento que corresponde á remuneración do traballo realizado polo propietario ou por membros da súa familia e que non pode distinguirse dos seus beneficios como empresario.

Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais de Galicia.*

1.2.6.

décimas no caso do EBE, pasando do 45,6% ao 45% en 2019. Cómpre resaltar que por sexto ano consecutivo o peso relativo das remuneracións salariais sobre o PIB é inferior ao dos excedentes de explotación (**cadro 1.2.6.**).

A evolución da importancia relativa da poboación asalariada no conxunto do emprego, medida en termos do número de postos de traballo, mostra que no devandito período de 2019 os 973.536 asalariados existentes en Galicia segundo os datos das Contas económicas trimestrais (868.944 asalariados equivalentes a tempo completo) representaban o 84,8% do total, distribúense o 44,6% da renda.

A análise da distribución da renda pode facerse tamén a través da evolución do custo laboral unitario real (CLUR), expresado pola porcentaxe do produto por asalariado (produtividade aparente) que se dedica a retribuír o traballo (remuneración media por asalariado). Contablemente, o peso da remuneración de asalariados no PIB é igual ao CLUR multiplicado pola taxa de asalarización. Como se observa no **cadro 1.2.7.**, o CLUR aumenta no último ano en Galicia, acadando un nivel superior ao existente no comezo da recuperación económica.

Á hora de estudar a evolución do CLUR cómpre ter en conta que o incremento da remuneración de asalariados en Galicia no último ano é inferior ao do conxunto do Estado (4,0% e 4,7%, respectivamente) e, por outra banda, o crecemento da produtividade aparente pro-

Produtividade aparente do traballo, remuneración por asalariado e custo laboral unitario en Galicia e España 2009-19
(2009 = 100)



Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do IGE e INE

1.2.7.

dúcese en Galicia por un incremento do PIB superior ao experimentado polo emprego asalariado (2,9% e 2,1%, respectivamente).

Mercado de traballo

O crecemento do PIB galego a taxas do 1,8% no último ano reflíctese nun aumento da poboación ocupada estimada pola EPA en 17.600 persoas e nun descenso da poboación parada en 20.000 persoas. Neste senso, as contas económicas tamén indican que o emprego, medido polo número de postos de traballo equivalentes a xornada completa, medra en 2019 en 11.982 persoas respecto ao ano anterior, sendo este incremento de 17.479 no caso das afiliacións á Seguridade Social.

En termos relativos, a ralentización da economía galega reflíctese nunha desaceleración no ritmo de crecemento da ocupación nos tres indicadores mencionados, e nunha menor redución do desemprego tanto estimado como rexistrado. Dunha banda, a poboación ocupada estimada pola EPA medra un 1,6%, oito décimas menos que no ano anterior, fronte ao 1,8% das afiliacións e o 1,2% das contas económicas (sete décimas e un punto porcentual menos que no ano precedente, respectivamente). Doutra, a poboación parada estimada pola EPA descende en 2019 un 12,1%, porcentaxe máis de tres puntos inferior á do ano precedente (15,2%), e o desemprego rexistrado no Servizo Público de Emprego un 6,5% cando no ano anterior o fixera nun 10,2%.

A poboación activa galega continúa a súa tendencia descendente, ao experimentar unha redución de 2.400 persoas en relación ao ano anterior (0,2%), se ben esta é a caída menos acusada dende o ano 2013. No caso da poboación activa con idades comprendidas entre os 25 e 34 anos, o descenso respecto ao ano anterior foi do 3,5% (8.100 persoas menos). A taxa de actividade, que mide a relación entre a poboación activa e a poboación maior de 16 anos, descende lixeiramente no ano 2019 para situarse no 53,1%, o valor máis reducido dende o ano 2008, o que significa 5,5 puntos inferior á media estatal (58,6%).

A devandita mellora da ocupación e a caída do desemprego e da poboación activa favorecen o descenso da taxa de paro que se sitúa no 11,8%, case dous puntos e medio por baixo da media estatal (14,1%). Esta taxa de paro é a máis reducida dende o ano 2008 cando se acadara o 8,6%.

Finalmente, faremos referencia á produtividade aparente do traballo, medida ben como o cociente entre o PIB (prezos correntes) e o emprego equivalente a tempo completo, ou ben como a relación entre o PIB e o número de horas traballadas. Segundo os datos recollidos nas contas trimestrais, ambos os dous indicadores manteñen unha tendencia positiva, se ben están por baixo da media española (91% da produtividade española se se mide en función do emprego equivalente a tempo completo e 89% en termos de horas traballadas).

Atendendo á distribución sectorial, todos os sectores presentan en Galicia un incremento da produtividade aparente do factor traballo agás o sector industrial, cunha redución do 3% no caso de medila a través do número de postos de traballo equivalente a tempo completo e do 2,6% en termos de horas traballadas. No eido do sector industrial, a produtividade da industria manufactureira descende lixeiramente en termos de postos de traballo equivalente a tempo completo (0,1%). En relación á media estatal, cómpre mencionar que por segundo ano consecutivo tan só a construción presenta en Galicia unha produtividade superior tanto en termos de postos de traballo equivalente a tempo completo como en temos de horas traballadas. No extremo oposto, a produtividade da industria manufactureira galega representa tan só o 78% da media estatal en termos de postos de traballo equivalente e o 80,8% no de número de horas traballadas.

Inflación e prezos

A taxa de variación media interanual do índice xeral de prezos ao consumo (IPC) foi do 0,6%, 1,1 puntos menos que o valor medio rexistrando no ano anterior, situándose este incremento lixeiramente por baixo da acada en España (0,7%). Se se considera o IPC harmonizado (IPCH), que permite realizar comparacións internacionais, os prezos en España volven a experimentar unha ralentización no seu ritmo de crecemento, ao medrar un 0,8% de media en 2019 fronte ao 1,7% no ano precedente. Segundo os datos publicados por Eurostat, no conxunto dos países da UE-28 o incremento do IPC foi do 1,5%, catro décimas menos que no ano anterior.

As catro provincias galegas rexistran variacións interanuais positivas do IPC, situándose por segundo ano consecutivo Pontevedra como a provincia con maior incremento de prezos. O IPC aumentou en Pontevedra un 0,7%, igualando a media nacional, seguida de A Coruña co 0,6%, Lugo co 0,5% e Ourense co 0,4%.

Ao longo do ano, os prezos comezaron cunha medra do 1% no mes de xaneiro, aumentando paulatinamente ata o mes de abril, cando se acada un 1,5% de crecemento interanual. A partir dese mes iníciase unha desaceleración das taxas de variación que termina cunha caída dos prezos en setembro e outubro (0,2% e 0,1%, respectivamente). O ano termina cunha medra interanual do 0,7% no mes de decembro.

O incremento de prezos máis acusado rexístrase, tanto en Galicia como en España, no grupo de “hoteis, cafés e restaurantes”, con medras medias anuais do 2,8% e 2%, respectivamente. No caso concreto de Galicia, a continuación situaríase o grupo correspondente ao ensino, cunha medra do 1,4% (1% no conxunto do Estado) e á medicina, cun 1,3% (0,8% en España). Por contra, cómpre destacar o descenso significativo do prezo da vivenda tanto en Galicia como en España, sendo lixeiramente máis acusado na comunidade galega: –1,8%

IPC en Galicia e España 2018-19

(taxas de variación interanual)

IPC xeral



IPC subxacente



Fonte: INE, *Indice de precios de consumo*

1.2.8.

IPC en Galicia e España 2018-19: distribución segundo grupos (1)

	2018		2019	
	Galicia	España	Galicia	España
	(taxas de variación interanual)			
Xeral	1,7	1,7	0,6	0,7
Alimentos e bebidas non alcohólicas	1,5	1,6	0,7	1,0
Bebidas alcohólicas e tabaco	2,3	1,9	0,1	0,7
Vestido e calzado	0,8	0,9	0,9	0,9
Vivenda	2,7	2,4	-1,8	-1,5
Enxoval	-0,2	0,1	0,9	0,7
Medicina	0,5	0,3	1,3	0,8
Transporte	3,6	3,6	0,3	1,1
Comunicacións	2,2	2,2	0,7	0,8
Ocio e cultura	-0,3	-0,2	-0,6	-0,5
Ensino	1,2	0,8	1,4	1,0
Hoteis, cafés e restaurantes	2,0	1,9	2,8	2,0
Outros bens e servizos	0,5	0,9	1,0	1,4

(1) datos correspondentes á media anual

Fonte: INE, *Indice de precios de consumo*

1.2.9.

Índice de prezos industriais nas CC.AA. 2019 (1): distribución segundo destino económico dos bens

	Índice xeral	Bens de consumo	Bens de consumo duradeiro	Bens de consumo non duradeiro	Bens de equipo	Bens intermedios	Enerxía
				(taxas de variación interanual)			
Andalucía	-2,2	-4,2	4,0	-4,6	1,8	1,1	-3,0
Aragón	-1,7	5,1	0,6	6,8	2,4	-2,3	-11,9
Asturias	-10,8	1,1	-2,7	1,1	1,0	-5,9	-21,1
Baleares	-9,3	2,0	1,1	2,2	2,5	4,5	-15,9
Canarias	-9,8	0,3	-0,4	0,3	0,9	1,1	-18,8
Cantabria	-3,9	0,8	1,5	0,7	2,5	-6,7	-7,4
Castela e León	-3,0	1,1	2,9	1,0	0,8	-2,3	-13,8
Castela-A Mancha	-0,6	1,8	0,3	1,8	-0,3	-0,3	-3,9
Cataluña	-0,2	3,8	1,1	3,8	0,3	-1,9	-4,5
C. Valenciana	-0,1	1,4	1,5	1,4	1,7	-0,5	-1,9
Estremadura	-1,6	1,2	2,4	1,1	0,2	-1,3	-6,9
Galicia	-3,1	-0,3	-0,7	-0,2	0,6	-1,1	-9,1
Madrid	-4,9	1,9	0,8	1,9	1,3	0,4	-11,8
Murcia	-1,2	4,0	1,0	4,3	1,3	0,0	-5,0
Navarra	-0,4	2,5	0,8	2,7	2,0	0,4	-12,9
País Vasco	-0,1	2,4	2,6	2,3	0,9	-2,1	0,9
A Rioxa	0,3	1,9	1,5	1,9	0,2	2,3	-9,2
Total	-1,9	1,6	1,4	1,6	1,1	-1,4	-6,5

(1) datos no mes de decembro. Base 2015.
Fonte: INE, *Índice de precios industriales*

1.2.10.

e –1,5%, cando no ano anterior medraran de media por riba do 2,4% en ambos os dous casos. Asemade, ao igual que no ano anterior, os prezos de "ocio e cultura" volven a descender no último ano en Galicia (-0,6%) e España (–0,5%).

Atendendo á súa distribución segundo produtos, os que presentan o maior incremento medio interanual volven a ser os prezos dos servizos postais (5,8%), seguidos este ano polos de protección social (3,7%), ensino infantil e primaria (3,5%) e servizos de aloxamento (3,3%). No extremo oposto, os descensos máis acusados rexístranse no caso dos equipos de telefonía (-14%), por diante dos equipos audiovisuais, fotográficos e de procesamento de información (–5,5%) e de electricidade, gas e outros combustibles (–4,5%).

A inflación subxacente (non considera os alimentos non elaborados nin os produtos enerxéticos) mantén o seu ritmo de crecemento medio anual no 0,9% tanto en Galicia como no conxunto do Estado. Ao longo do ano, a medra da inflación subxacente oscila entre o 0,8% do mes de xaneiro e o 1,1% de decembro en Galicia (1% en España).

Os datos das contas económicas trimestrais reflicten que o deflactor do PIB, que permitiría analizar a inflación que responde ao incremento dos prezos de bens e servizos producidos en Galicia, medrou en 2019 un 1,1% respecto ao ano anterior, porcentaxe similar ao experimentado nos dous anos precedentes. Ao longo do último ano rexístrase unha desaceleración no ritmo de crecemento dos prezos, pasando dun 1,3% no primeiro trimestre ata o 0,7% do cuarto trimestre, o nivel máis reducido dende o terceiro trimestre de 2016 (0,8%).

Finalmente, en relación á evolución dos prezos industriais, o **cadro 1.2.10.** amosa que en Galicia a taxa de variación interanual do índice xeral de prezos industriais (IPRI) no mes de decembro rexistrou unha caída do 3,1% (medrara un 2,1% no ano anterior), porcentaxe sensiblemente superior á do conxunto do Estado, cuxo descenso foi do 1,9% (aumenta un 1,6% en 2018). Atendendo á súa desagregación segundo destino econó-

Gasto público non financeiro (%PIB) 2018



Gasto público non financeiro per cápita 2018



Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partires de datos do INE e Ministerio de Hacienda

1.2.11.

mico dos bens, tan só os bens de equipo presentan unha medra dos prezos en relación ao mesmo período do ano anterior (0,6%), correspondendo a caída máis acusada aos bens enerxéticos (9,1%) por diante dos bens intermedios e os bens de consumo duradeiro (1,1% e 0,7%, respectivamente).

Marco orzamentario

Os orzamentos públicos son o principal instrumento para o desenvolvemento da política económica dun goberno, pero tamén determinan o peso do sector público na economía. Un dos indicadores máis estendidos para analizar este peso é o cociente entre o gasto público non financeiro e o Produto Interior Bruto (PIB). No **gráfico 1.2.11.**, realizado a partir dos datos dos orzamentos de 2018 e o avance do PIB proporcionados pola Contabilidade Rexional de España para 2018, observamos que dita rateo presenta un valor agregado do 13% para o conxunto das CC.AA. españolas, e que Galicia se sitúa por encima do promedio sinalado cun 15,1%. A comparación en termos per cápita reflicte datos diferentes, aínda que Galicia segue por riba do dato promedio.

A Lei 6/2019, do 23 de decembro aproba os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020, o que representa a aprobación de 40 presupostos de xeito consecutivo. A elaboración deste marco orzamentario enfronta, un ano máis, a dificultade de carecer dun Proxecto de orzamentos xerais do Estado para o ano 2020, e por tanto, de non dispoñer dos datos que van conformar definitivamente o estado de ingresos para o dito exercicio.

Orzamentos da C.A. 2019-20: conta financeira homoxeneizada (1)

	2019	2020	20/19	
	(en miles de €)			*(%)*
Operacións correntes				
Ingresos	9.076.478	9.392.392	315.914	3,5
Imposto directos	2.431.251	2.616.465	185.214	7,6
Impostos indirectos	3.450.728	3.637.903	187.175	5,4
Taxas, prezos públicos e outros ingresos	177.517	187.488	9.971	5,6
Transferencias correntes	3.008.296	2.942.950	-65.346	-2,2
Ingresos patrimoniais	8.686	7.586	-1.100	-12,7
Gastos	8.158.873	8.424.411	265.538	3,3
Gastos de persoal	3.889.284	4.030.697	141.413	3,6
Gastos correntes de bens e servizos	1.783.753	1.839.724	55.971	3,1
Gastos financeiros	165.417	143.379	-22.038	-13,3
Transferencias correntes	2.320.419	2.410.611	90.192	3,9
Aforro bruto	917.605	967.981	50.376	5,5
Operacións da capital				
Ingresos	678.506	708.283	29.777	4,4
Alleamento de investimentos reais	7.340	6.755	-585	-8,0
Transferencias de capital	671.166	701.528	30.362	4,5
Gastos	1.651.894	1.691.215	39.321	2,4
Investimentos reais	911.185	928.867	17.682	1,9
Transferencias de capital	740.709	762.348	21.639	2,9
Formación de capital	973.387	982.932	9.545	1,0
Fondo de continxencia	39.043	33.317	-5.726	-14,7
Necesidade de Financiamento	-94.825	-48.268	46.557	-49,1
Operacións financeiras				
Atencións	1.694.542	1.672.632	-21.910	-1,3
Activos financeiros	164.010	153.921	-10.089	-6,2
Pasivos financeiros	1.530.532	1.518.711	-11.821	-0,8
Recursos	1.789.367	1.720.900	-68.467	-3,8
Activos financeiros	20.972	29.194	8.222	39,2
Endebedamento bruto	1.768.395	1.691.706	-76.689	-4,3
Necesidade de Financiamento	-94.825	-48.268	46.557	-49,1

(1) Orzamentos 2020
Fonte: Consellería de Facenda, *Orzamentos*

1.2.12.

O escenario macroeconómico que prevé este orzamento para os anos 2019 e 2020 é o dun crecemento baseado na demanda interna, mencionando o incremento do consumo público e investimento en infraestruturas por mor da celebración do Xacobeo en 2021, así como un peor comportamento da demanda externa. Dende o lado da oferta, prevé un retroceso do sector industrial en 2019 e unha moderación gradual do crecemento dos servizos e da construción. Neste escenario, considera que a taxa de paro descenderá ata o 10,6% no ano 2020.

Ao amparo do punto un do artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, unha vez determinado o obxectivo de estabilidade orzamentaria da Comunidade Autónoma, o Consello da Xunta de Galicia acordou o límite de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o exercicio 2020, que ascende a 10.160 millóns de euros. O gasto non financeiro recollido nos orzamentos da Comunidade Autónoma para este último ano axústase ao citado teito de gasto e supera o importe dos orzamentos do exercicio anterior en aproximadamente trescentos dez millóns de euros.

A conta financeira dos orzamentos 2020, **cadro 1.2.12.**,

Clasificación económica do gasto nos orzamentos iniciais da Xunta de Galicia 1999-2020

	Media	Desviación estandar	Máximo	Mínimo
		(% sobre operacións non financeiras)		
Gastos de persoal	19,7	3,6	29,0	17,5
Gastos en bens correntes e servizos	4,8	0,6	6,0	4,0
Gastos financeiros	2,0	1,1	4,6	1,2
Transferencias correntes	43,8	6,6	50,2	28,1
Operacións correntes	72,3	2,8	78,0	66,2
Investimentos reais	4,96	3,41	11,28	2,35
Transferencias de capital	12,12	1,67	16,29	9,20
Operacións de capital	18,14	4,65	27,57	12,70

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

1.2.13.

Gasto de persoal e gasto non financieiro por empregado público 2009-19

	Gasto de persoal por empregado público	Gasto no financiero por empregado publico
	(en miles de €)	
2009	23,493	128,0
2010	23,861	124,8
2011	22,565	102,7
2012	22,547	104,1
2013	20,909	97,4
2014	20,866	97,2
2015	20,976	98,0
2016	21,864	101,8
2017	22,051	103,7
2018	22,861	109,1
2019	23,491	112,8

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

1.2.14.

reflicte que o aforro por operacións correntes alcanza os 968 millóns de euros, o que supón un incremento do 5,5% respecto aos orzamentos do ano precedente. Esta evolución ven motivada pola maior suba que experimentan os ingresos correntes en relación ao aumento do gasto da mesma natureza (3,5% e 3,3%, respectivamente). Do mesmo xeito, os ingresos por operacións de capital presentan un incremento respecto ao ano anterior, acadando os 708,2 millóns de euros, motivado neste caso polo aumento das transferencias. O gasto de capital dos capítulos VI e VII ascende a 1.691,2 millóns de euros, incrementándose nun 2,4% respecto aos orzamentos de 2019. Finánciase, en parte, cos ingresos por operacións de capital, polo que o saldo resultante determina unha formación de capital de 982,9 millóns de euros, que financiada co aforro por operacións correntes e xunto co fondo de continxencia, determina unha necesidade de financiamento de 48,3 millóns de euros, case a metade da correspondente ao ano 2019.

A diferenza entre as atencións e os recursos, dentro das operacións financeiras, determinan igualmente unha necesidade de financiamento de 48,3 millóns de euros, un 49,1% inferior á do ano anterior.

O endebedamento neto, obtido como diferenza entre os capítulos IX de ingresos e gastos, alcanza os 173 mi-

Orzamento consolidado de gastos da C.A. 2019-20: Distribución Funcional (1)

Funcións	2019		2020		20/19
	(en miles de euros)	*(% / total)*	*(en miles de euros)*	*(% / total)*	*(%)*
1 Actuacións de carácter xeral	289.458	2,5	301.969	2,6	4,3
11 Alta dirección da Com. Autónoma	38.201	0,3	39.450	0,3	3,3
12 Administración Xeral	67.340	0,6	71.733	0,6	6,5
13 Xustiza	158.697	1,4	156.314	1,3	-1,5
14 Administración local	15.141	0,1	17.282	0,1	14,1
15 Normalización lingüística	8.079	0,1	8.507	0,1	5,3
16 Procesos electorais e órganos de repres. Política	2.000	0,0	8.683	-	0,0
2 Protección civil e seguranza cidadá	29.615	0,3	29.008	0,2	-2,0
21 Protección civil e seguridade	29.615	0,3	29.008	0,2	-2,0
3 Protección e promoción social	1.042.737	9,0	1.102.560	9,1	5,7
31 Acción social el promoción social	774.430	6,7	821.452	6,8	6,1
32 Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo	262.696	2,3	274.461	2,3	4,5
33 Cooperación exterior e ao desenvolvemento	5.611	0,0	6.647	-	18,5
4 Produción de bens públicos de carácter social	6.628.509	57,4	6.866.018	58,1	3,6
41 Sanidade	3.985.498	34,5	4.107.324	34,7	3,1
42 Educación	2.360.159	20,4	2.466.542	20,9	4,5
43 Cultura	72.140	0,6	74.885	0,6	3,8
44 Deportes	24.259	0,2	25.257	0,2	4,1
45 Vivenda	77.826	0,7	80.329	0,7	3,2
46 Outros servizos comunit. e sociais	108.627	0,9	111.681	0,9	0,0
5 Producción de bens públ. de carácter económico	932.709	8,1	888.518	8,1	-4,7
51 Infraestructuras	357.802	3,1	301.526	3,1	-15,7
52 Ordenación do territorio	15.780	0,1	15.666	0,1	-0,7
53 Promoción do solo para actividades económicas	17.878	0,2	3.624	0,2	-79,7
54 Actuacións ambientais	118.948	1,0	132.941	1,0	11,8
55 Actuacións e valorización do medio rural	144.376	1,3	148.219	1,3	2,7
56 Investigación, desenvolvemento e innovación	180.050	1,6	189.593	1,6	5,3
57 Sociedade da información e do coñecemento	93.380	0,8	92.207	0,8	-1,3
58 Información estatística básica	4.495	0,0	4.742	-	5,5
6 Regulación económica de carácter xeral	92.184	0,8	90.326	0,8	-2,0
61 Actuacións económicas xerais	32.480	0,3	33.171	0,3	2,1
62 Actividades financeiras	59.704	0,5	57.155	0,5	-4,3
7 Regulación económica de sectores productivos e dto. empresarial	719.536	6,2	760.185	6,4	5,6
71 Dinamización económica do medio rural	323.865	2,8	345.151	2,9	6,6
72 Pesca	102.836	0,9	108.731	0,9	5,7
73 Industria, enerxía e minaría	52.870	0,5	58.674	0,5	11,0
74 Desenvolvemento empresarial	159.946	1,4	157.906	1,3	-1,3
75 Comercio	15.835	0,1	15.887	0,1	0,3
76 Turismo	64.184	0,6	73.836	0,6	15,0
8 Transferencias a entidades locais	133.690	1,2	140.887	1,2	5,4
81 Transferencias a entidades locais	133.690	1,2	140.887	1,2	5,4
9 Débeda pública	1.675.916	14,5	1.642.102	13,9	-2,0
91 Débeda pública	1.675.916	14,5	1.642.102	13,9	-2,0
Total	11.544.354	98	11.821.573	100	2,4

(1) Orzamentos 2020

Fonte: Consellería de Facenda, *Orzamentos*

1.2.15.

Servizos públicos fundamentais nos proxectos orzamentarios das CC.AA. 2020: distribución funcional

	Sanidade			Educación			Seguridade, protección e promoción social			Débeda pública			Resto de funcións ou políticas		
		20/19			20/19			20/19			20/19			20/19	
	(en miles de €)	*(%)*	*(% / total)*	*(en miles de €)*	*(%)*	*(% / total)*	*(en miles de €)*	*(%)*	*(% / total)*	*(en miles de €)*	*(%)*	*(% / total)*	*(en miles de €)*	*(%)*	*(% / total)*
Andalucía	10.824.520,0	4,1	31,6	7.788.898,6	3,7	22,7	2.455.135,7	3,5	7,2	5.502.601,5	20,3	16,1	7.669.444,1	4,4	22,4
Aragón	2.061.798,9	3,6	34,3	1.183.282,6	7,0	19,7	437.188,3	8,3	7,3	1.049.218,8	2,3	17,4	1.283.915,1	7,4	21,3
Asturias	1.817.523,4	3,7	38,7	843.399,6	5,3	18,0	469.087,8	1,7	10,0	569.466,3	19,0	12,1	993.201,7	2,8	21,2
Baleares	1.724.941,0	0,0	29,3	1.005.274,3	0,5	17,1	184.689,1	2,5	3,1	1.589.049,5	44,0	27,0	1.389.169,8	-4,2	23,6
Canarias	3.132.985,7	4,5	32,6	1.825.448,1	7,1	19,0	528.788,5	10,2	5,5	1.552.373,4	56,4	16,2	2.563.802,0	-3,6	26,7
Cantabria	922.064,2	5,5	32,0	579.761,6	-0,3	20,1	244.389,3	3,2	8,5	431.416,2	-7,6	14,9	708.264,4	2,0	24,5
Castela e León	3.534.049,1	-0,2	36,4	2.017.614,1	1,1	20,8	817.438,0	-1,8	8,4	1.391.457,2	0,0	14,3	1.936.072,7	-1,6	20,0
Castela-A Mancha	2.990.642,9	7,9	30,9	1.790.298,8	8,1	18,5	782.219,4	8,5	8,1	2.604.982,0	44,1	26,9	1.498.283,4	4,0	15,5
Cataluña	8.831.919,7	0,0	28,9	5.726.642,0	0,0	18,7	2.145.403,2	0,0	7,0	5.993.858,8	0,0	19,6	7.855.694,2	-0,3	25,7
Estremadura	1.742.520,5	3,0	32,2	1.096.831,8	2,3	20,3	489.482,9	2,9	9,1	586.931,4	9,8	10,9	1.489.343,7	3,7	27,6
Galicia	4.107.323,8	3,1	34,8	2.447.465,8	4,5	20,7	813.775,0	6,2	6,9	1.642.102,2	-2,0	13,9	2.801.911,4	1,4	23,7
Madrid	8.165.992,3	0,7	35,0	4.915.573,5	2,2	21,1	1.863.643,9	1,0	8,0	3.652.005,1	8,3	15,7	4.735.902,8	2,0	20,3
Murcia	1.919.164,2	0,0	33,1	1.437.466,9	0,0	24,8	375.113,2	0,0	6,5	1.229.572,0	0,0	21,2	838.980,1	0,0	14,5
Navarra	1.158.559,0	7,1	25,3	759.511,8	9,9	16,6	472.118,0	4,6	10,3	354.374,8	5,0	7,7	1.829.234,5	4,5	40,0
País Vasco	3.978.398,4	6,2	33,7	2.950.564,5	6,3	25,0	646.767,6	-3,0	5,5	929.803,5	-9,4	7,9	3.308.141,1	12,4	28,0
A Rioxa	459.647,0	6,6	29,4	299.552,4	10,8	19,2	135.335,6	6,9	8,7	248.461,9	-5,2	15,9	417.980,4	7,8	26,8
C. Valenciana	6.753.056,6	1,9	28,9	5.086.443,3	3,3	21,8	1.632.843,8	5,9	7,0	6.372.415,1	10,9	27,3	3.513.657,3	-2,4	15,0
Total (1)	64.125.106,7	2,7	31,9	41.754.029,5	3,3	20,8	14.493.419,3	2,9	7,2	35.700.089,7	11,5	17,8	44.832.998,6	2,0	22,3

Consulta: 1-06-2020
Fonte: Ministerio de Hacienda, *Presupuestos de las Comunidades Autónomas*

1.2.16.

llóns de euros, un 27,3% menos que no exercicio anterior. Unha parte deste endebedamento, 124,7 millóns, destínase ao financiamento de activos financeiros.

A clasificación económica do orzamento mostra un peso moi diferente dos capítulos de gasto. Así, tal como se observa no **cadro 1.2.13.**, de media nos últimos vinte anos, os orzamentos iniciais da Xunta de Galicia integran o 72,3% dos créditos nos capítulos de operacións correntes, dos que o 43,8% son transferencias correntes e o 19,7% gastos de persoal, en ámbolos dous casos cunha dispersión elevada. Neste senso, o gasto de persoal por empregado público ascende a 23.500 euros no ano 2019, un 2,8% máis que no ano anterior, mentres que o persoal ao servizo da Comunidade Autónoma aumenta un 0,4% (**cadro 1.2.14.**).

A distribución funcional do gasto (**cadro 1.2.15.**) pon de manifesto como dúas funcións do orzamento, sanidade e educación, tras unha medra superior ao orzamento total consolidado, absorben máis da metade do gasto total, co 34,7% e 20,9% respectivamente. En conxunto, a contía total destinada a estas funcións aumenta un 3,6% en relación ao orzamento do exercicio anterior. Asemade, cómpre salientar o descenso do 2% experimentado na partida dedicada á débeda pública (aumentara un 37,1% no exercicio anterior), acadando os 1.642,1 millóns de euros, o que representa o 13,9% do orzamento consolidado.

En comparación co que acontece no resto do Estado, os datos publicados polo Ministerio de Hacienda reflicten que Galicia presenta incrementos dos créditos orzamentarios consignados nas funcións de educación e seguridade e protección social superiores á media das doce Comunidades Autónomas recollidas no **cadro 1.2.16.** Por contra, o gasto en sanidade presenta un incremento lixeiramente inferior á medra experimentada no conxunto do Estado. A diferenza do acontecido en Galicia, o gasto correspondente á "Débeda Pública" aumenta no conxunto das CC.AA. consideradas un 11,5%, reducíndose tan só no País Vasco, Cantabria, A Rioxa e Galicia.

Os indicadores da actividade económico-financeira de Galicia recollidos na conta financeira (**cadro 1.2.17.**), mostran un aforro bruto por operacións correntes en 2020 de 934,7 millóns de euros, fronte aos 879 millóns do exercicio precedente, como consecuencia dunha medra do 3,5% dos gastos e do 4% dos ingresos corren-

Principais magnitudes orzamentarias das CC.AA. 2020

	Aforro bruto	Saldo de operacións de capital	Déficit (-) ou superávit (+) orzamentario non financeiro		Capacidade (+) ou necesidade (-) de endebedamento
	Capítulos 1 a 5 ppto. Ingresos e gastos	Capítulos 6 e 7 ppto ingresos-gastos	Capítulos 1 a 7 ppto ingresos-gastos	En (%) do PIB rexional	Capítulo 9 ppto gastos-ingresos
		(en miles de €)			*(en miles de €)*
Andalucía	1.177.362,2	-1.509.085,4	-331.723,2	-0,2	-286.094,0
Aragón	122.870,5	-335.245,9	-212.375,4	-0,5	-199.551,1
Asturias	148.978,0	-195.811,1	-46.833,1	-0,2	-84.111,0
Baleares	313.829,0	-408.569,7	-94.740,7	-0,3	-85.336,5
Canarias	715.975,4	-701.281,6	14.693,8	0,0	50.956,6
Cantabria	192.950,1	-209.316,5	-16.366,4	-0,1	-10.771,7
Castela e León	903.048,4	-848.934,2	54.114,1	0,1	11.788,6
Castela-A Mancha	-13.658,1	-215.048,8	-228.706,9	-0,5	-228.706,9
Cataluña	2.886.418,5	-986.999,9	1.899.418,6	0,8	1.269.564,7
Estremadura	-58.901,4	-19.202,1	-78.103,5	-0,4	-78.104,5
Galicia	934.663,1	-982.931,5	-48.268,4	-0,1	-172.995,1
Madrid	1.135.493,7	-808.169,9	327.323,8	0,1	-28.993,2
Murcia	115.508,2	-198.760,1	-83.251,9	-0,2	-30.708,7
Navarra	249.833,3	-299.474,4	-49.641,1	-0,2	-26.388,9
País Vasco	742.180,8	-876.373,2	-134.192,4	-0,2	-171.640,4
A Rioxa	49.125,0	-125.173,6	-76.048,6	-0,8	-81.060,7
C. Valenciana	1.287.312,4	-1.304.765,7	-17.453,4	0,0	-131.726,8
Total (1)	10.902.988,9	-10.025.143,5	877.845,4	0,1	-283.879,4

Consulta: 5-06-2020
Fonte: Ministerio de Hacienda, *Presupuestos de las Comunidades Autónomas*

1.2.17.

Necesidade de financiamento da C.A. 2020

	(en miles de €)
Saldo orzamentario	-48.268,4
Axustes conforme as normas SEC	-19.731,6
Liquidacións negativas do sistema de financiación	84.807,0
Intereses	1.000,0
Inexecución	-
Recadación incerta	-27.000,0
Obrigas de exercicios anteriores (conta413/409)	-
Outras unidades consideradas como Administración Pública	-86.000,0
Aportacións de capital a empresas públicas	-
Transferencias do Estado	-
Transferencias da UE	-
Reasignación de operacións	-
Investimentos de APP's	-
Resto de axuste	7.461,4
Capacidade / Necesidade de financiación	-68.000,0
% PIB	-0,1

Fonte: Ministerio de Hacienda, *Presupuestos de las Comunidades Autónomas*

1.2.18.

Débeda das CC.AA. 2008 e 2018-19 (1)

	2008			2018			2019		
	débeda acumulada (en millóns de euros)	débeda / habitante (2) (en euros)	débeda / PIB (%)	débeda acumulada (en millóns de euros)	débeda / habitante (2) (en euros)	débeda / PIB (%)	débeda acumulada (en millóns de euros)	débeda / habitante (2) (en euros)	débeda / PIB (%)
Andalucía	8.143	992,78	5,4	35.439	4.226,77	21,1	35.431	4.210,84	21,3
Aragón	1.517	1.143,25	4,3	8.251	6.304,59	22,3	8.315	6.302,63	21,7
Asturias	770	712,87	3,2	4.351	4.231,49	18,6	4.357	4.259,87	18,0
Baleares	2.696	2.512,95	9,9	8.721	7.725,16	26,8	8.863	7.710,58	26,3
Canarias	1.885	908,01	4,4	6.808	3.199,72	14,9	6.613	3.070,97	14,0
Cantabria	511	877,80	3,9	3.171	5.465,08	23,0	3.188	5.486,35	22,3
Castela e León	2.608	1.019,81	4,6	12.360	5.130,41	21,3	12.473	5.198,06	20,8
Castela - A Mancha	2.584	1.264,74	6,4	14.714	7.259,69	35,6	14.949	7.353,67	34,9
Cataluña	20.825	2.827,92	10,0	78.732	10.359,39	34,4	79.060	10.300,69	33,4
C. Valenciana	13.696	2.723,08	12,6	47.082	9.485,26	42,4	48.433	9.679,30	42,1
Estremadura	904	823,51	5,0	4.622	4.308,10	23,1	4.721	4.421,61	22,8
Galicia	3.954	1.420,17	6,7	11.342	4.198,03	18,1	11.315	4.191,52	17,5
Madrid	11.380	1.814,52	5,6	33.448	5.084,77	14,5	33.469	5.022,82	14,0
Murcia	755	529,41	2,6	9.232	6.244,13	29,3	9.562	6.400,70	29,3
Navarra	868	1.399,15	4,6	3.445	5.320,02	17,0	3.297	5.039,64	15,7
País Vasco	1.007	466,83	1,5	10.086	4.586,45	14,0	9.425	4.269,00	12,6
A Rioxa	393	1.237,79	4,8	1.591	5.039,99	18,7	1.608	5.075,79	18,2

(1) datos correspondentes ao 4º trimestre de cada ano; inclúense as unidades que se ocupan da administración xeral da C.A., as universidades localizadas no seu ámbito e aqueles organismos e empresas dependentes da C.A. que se clasifican como Adm. Pública.

(2) datos do Padrón Municipal de Habitantes a 1 de xaneiro de cada ano

Fonte: Banco de España, *Boletín estadístico*

1.2.19.

tes. Pola súa banda, as operacións de capital presentan un saldo negativo de 982,9 millóns de euros, que foi financiado polo aforro por operacións correntes xunto co fondo de continxencia, que se situou en 33,3 millóns de euros.

A necesidade de financiamento dos orzamentos no 2020 é de 48,3 millóns de euros, un 49,1% inferior á de 2019. Tendo en conta os axustes de contabilidade nacional, que é como se mide o obxectivo de estabilidade orzamentaria, a necesidade de financiamento supón 68 millóns de euros (**cadro 1.2.18.**).

O endebedamento neto acada os 173 millóns de euros, que se destina, dunha banda, ao financiamento de activos financeiros, que se incrementan en relación ao ano anterior (124,7 millóns de euros) e doutra banda, os 48,3 millóns de euros restantes financian os investimentos.

A débeda acumulada en Galicia no ano 2019 (referida ao cuarto trimestre de cada ano) descende por primeira vez dende o comezo da serie estatística en 1994, acadando os 11.315 millóns de euros segundo o avance do Banco de España. Tras un descenso interanual do 0,2%, Galicia sitúase como unha das catro CC.AA. que presentan unha redución da débeda xunto co País Vasco (-6,6%), Navarra (-4,3%) e Canarias (-2,9%). No conxunto do Estado a débeda segundo o protocolo de déficit excesivo medrou un 0,6% respecto á mesma data do ano anterior (**cadro 1.2.19.**).

En termos relativos, a relación entre o devandito endebedamento e o PIB descende ata o 17,5%, a porcentaxe máis reducida dende o ano 2013 (17,1%), o que supón un nivel de endebedamento tan só superior ao rexistrado no País Vasco (12,6%), Madrid (14%), Canarias (14%) e Navarra (15,7%). O endebedamento por habitante descendeu tamén en relación ao período anterior ata acadar os 4.191,52 euros, situándose moi por baixo da media das CC.AA., que ascendeu a 6.274,74 euros por persoa.

No que respecta aos indicadores económicos da recadación tributaria do Estado en Galicia, os ingresos tributa-

Recadación tributaria do Estado en Galicia 2008-19. Criterio de caixa

	2008		2018		2019	
	(en miles de euros)	*(%)*	*(en miles de euros)*	*(%)*	*(en miles de euros)*	*(%)*
Total	5.721.873	100	7.043.926	100	7.646.364	100
Impostos directos	3.977.499	69,5	4.208.028	59,7	4.626.959	60,5
IRPF	2.593.708	45,3	2.833.064	40,2	2.982.372	39,0
Impostos sobre sociedades	1.323.945	23,1	1.189.122	16,9	1.481.849	19,4
Imposto sobre a renda de non residentes	58.000	1,0	126.531	1,8	128.338	1,7
Resto capítulo I	1.846	0,0	59.311	0,8	34.400	0,4
Impostos indirectos	1.699.985	29,7	2.781.413	39,5	2.966.904	38,8
IVE	1.560.234	27,3	2.540.565	36,1	2.719.948	35,6
Impostos especiais	49.707	0,9	121.167	1,7	110.807	1,4
Tráfico exterior	88.720	1,6	109.241	1,6	127.505	1,7
Taxas e outros ingresos	44.389	0,8	54.485	0,8	52.501	0,7



Fonte: Agencia Tributaria, *Recaudación tributaria*

1.2.20.

rios continúan coa súa tendencia positiva. Tras unha medra do 8,6% respecto ao ano anterior (2% en España) a recadación acadou os 7.646,4 millóns de euros, aumentando o seu peso relativo no total estatal ata o 3,5%.

No último ano, a recadación por impostos directos aumenta en Galicia un 10% respecto ao ano anterior para situarse nos 4.627 millóns de euros, 418,9 millóns máis. Como reflicte o **cadro 1.2.20.**, este forte incremento está influenciado fundamentalmente pola medra do 24,6% no caso do importe de sociedades, cuxa recadación ascende a 1.481,8 millóns de euros (292,7 millóns máis que no exercicio precedente). A aportación do IRPF medra un 5,3%, acadando os 2.982,4 millóns de euros (149,3 millóns máis que no ano anterior). No que atinxe aos impostos indirectos, a recadación increméntase un 6,7% respecto ao ano 2018 para situarse nos 2.966,9 millóns (185,5 millóns máis). Entre estes, o IVE recadou un total de 2.719,9 millóns de euros, un 7,1% máis que no exercicio precedente (179,4 millóns).

Tras esta evolución, o peso relativo no total da recadación tributaria increméntase no caso da imposición directa, que supón o 60,5% do total, oito décimas máis que no ano anterior, reducíndose pola contra no caso dos impostos indirectos, que representan o 38,8% do total, sete décimas menos que en 2018. Cómpre mencionar o descenso do peso do IRPF, que representa o 39% da recadación no último ano, porcentaxe aínda moi inferior á rexistrada no momento do inicio da crise económica (45,3%). Por contra, o IVE aporta o 35,6% da recadación, cinco décimas menos que no ano anterior (27,3% no ano 2008). O imposto de sociedades representa unha porcentaxe aínda inferior ao de 2008, con 19,4% e 23,1%, respectivamente (16,9% no ano 2018).

Ingresos tributarios da Comunidade Autónoma. Criterios de caixa: 2018-19

	2018	2019	19/18	
	(miles de euros)		(miles de euros)	(%)
Capítulo I: Impostos directos	2.369.905,9	2.485.820,9	115.915,0	4,9
10 Sobre a renda	2.067.156,3	2.249.016,8	181.860,5	8,8
11 Sobre o capital	302.695,6	236.568,6	-66.127,0	-21,8
Capítulo II: Impostos indirectos	3.460.242,6	3.400.622,1	-59.620,5	-1,7
20 Sobre transmisións patrimoniais onerosas e actos xurídicos documentados	267.488,4	288.409,2	20.920,8	7,8
21 Imposto sobre o valor engadido	2.119.032,3	2.042.791,1	-76.241,2	-3,6
22 Impostos sobre consumos específicos	975.156,9	971.663,2	-3.493,8	-0,4
23 Imposto sobre o xogo	60.988,1	61.318,8	330,7	0,5
28 Impostos extinguidos	-	-	0,0	-
29 Tributos propios da Comunidade autónoma	37.576,9	36.439,9	-1.137,0	-3,0
290 Tributación autonómica sobre o xogo	24,5	19,0	-5,5	-22,6
291 Gravame sobre contaminación atmosférica	3.541,3	2.011,4	-1.529,9	-43,2
292 Imposto sobre o dano ambiental da auga encorada	11.443,8	11.389,7	-54,1	-0,5
293 Canon eólico	22.567,3	23.019,9	452,6	2,0
Capítulo III: Taxas e outros ingresos	187.422,9	189.304,9	1.881,9	1,0
30 Taxas administrativas	27.049,4	26.192,1	-857,3	-3,2
31 Prezos	33.641,3	34.524,5	883,1	2,6
32 Outras taxas	-	-	0,0	-
34 Ingresos derivados de encomendas de xestión	24.070,2	23.997,2	-73,0	-0,3
35 Ingresos derivados de compensación económicas	2.411,5	2.571,8	160,3	6,6
36 Debedores	53.515,5	55.263,0	1.747,4	3,3
37 Ingresos por ensaios clínicos	-	-	0,0	-
38 Reintegros	10.785,5	11.642,8	857,3	7,9
39 Outros ingresos	35.949,5	35.113,6	-835,9	-2,3



(consulta: 30-04-2019)
Fonte: IGE, *Administración pública*

1.2.21.

Finalmente, cómpre facer referencia aos tributos propios da Comunidade autónoma. Como reflicte o **cadro 1.2.21.**, o importe total destes tributos descende ata os 36.439,9 miles de euros, rexistrándose unha caída do 3% respecto ao ano anterior (1.137 miles de euros). Entre os distintos tributos cómpre resaltar a importancia do canon eólico, que tras unha medra do 2% respecto ao ano precedente, supón o 63,2% dos tributos propios (23.019,9 millóns de euros), seguida polos impostos sobre o dano ambiental da auga encorada, cun 31,3% (11.389,7 miles de euros). No ano 2018 estas porcentaxes situábanse no 60,1% e 30,5%, respectivamente.

Proceso de converxencia económica

O proceso de converxencia económica é o proceso de aproximación da situación económica dun territorio respecto a outro concreto que se toma como referencia. Unha da variables máis empregadas como indicador é o PIB per cápita, de xeito que se a devandita aproximación prodúcese por un maior crecemento do

Participación da produción, a poboación e o emprego galego (1) no total español 2008-19



(1) PIB a prezos de mercado, prezos correntes (consulta: 29-04-2019); emprego: afiliados á Seguridade Social
Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do INE

1.2.22.

PIB estase ante unha converxencia activa, a diferenza dunha converxencia pasiva que é resultado dunha caída da poboación. O obxectivo deste apartado é analizar en primeiro lugar a converxencia da economía galega á media estatal, e posteriormente respecto á media comunitaria.

• Converxencia coa media estatal

O PIB galego a prezos correntes, tras unha medra do 2,9% respecto ao ano anterior (3,6% en España), ascende a 63.272,6 millóns de euros, o que representa o 5,08% do total estatal (**cadro 1.2.22.**). En termos de volume o crecemento da economía galega en 2018 foi do 1,8%, dúas décimas menos que o estimado para o conxunto do Estado, sendo este diferencial de sete décimas se se considera o PIB nominal.

A partir dos datos recollidos nas contas económicas trimestrais do IGE e INE e no Padrón pódese calcular o valor do indicador PIB rexionalizable per cápita, que en 2019 sitúase en 89,2 puntos (España=100), unha décima máis que no ano anterior. Tendo en conta que no período 2008-2019 o crecemento medio da economía española en termos monetarios foi do 1,1%, case cinco décimas máis que a media galega, a converxencia de Galicia respecto á media española no conxunto do período analizado prodúcese polo efecto da caída da poboación.

• Converxencia coa media europea

Os datos provisionais do produto interior bruto por habitante (en paridade de poder adquisitivo) en Galicia para o ano 2018 reflicten unha medra do 2% en relación ao ano anterior, acadando un PIB per cápita equivalente ao 81,6% da media da UE-28 (90,6% no conxunto do Estado). Comparado co resto das Comunidades Autónomas, Galicia mantense como a sétima Comunidade co menor índice, superando novamente a Estremadura (66,1%), Andalucía (67,4%), Castela-A Mancha (71,9%), Canarias (73,5%), Murcia (74,8%), a C Valenciana (79%) e Asturias (80,3%).

O devandito proceso de converxencia das diferentes CC.AA. non é homoxéneo, de xeito que entre os anos 2008 e 2018 Galicia perde 6,5 puntos porcentuais (Estremadura 3,6 puntos), o que converte nunha das Comunidades que menos diverxe en termos de PIB por habitante, influenciado en parte pola caída da poboación nese período de tempo.

Converxencia das CC.AA. fronte a España e a UE 2008-18 (1) (2)

	Converxencia fronte a España					Converxencia fronte á UE				
	(PIB / habitante)									
	2008	2017	2018	18/08	18/17	2008	2017	2018	18/08	18/17
	(media España=100)			*(variación absoluta)*		*(media UE-28=100)*			*(variación absoluta)*	
Andalucía	76,7	74,1	74,3	-2,5	0,2	77,4	67,8	67,4	-10,0	-0,4
Aragón	109,0	108,6	109,4	0,4	0,8	109,6	99,7	99,4	-10,2	-0,3
Asturias	92,0	88,0	88,6	-3,4	0,5	92,7	80,7	80,3	-12,4	-0,4
Baleares	108,1	108,7	107,6	-0,5	-1,1	108,8	99,7	97,4	-11,4	-2,2
Canarias	87,2	81,9	81,2	-6,0	-0,7	87,7	75,1	73,5	-14,2	-1,5
Cantabria	94,6	91,2	92,3	-2,2	1,2	95,0	83,7	83,9	-11,1	0,2
Castela e León	92,2	92,8	93,4	1,2	0,6	92,7	85,0	84,8	-7,9	-0,2
Castela-A Mancha	80,7	78,6	79,2	-1,5	0,5	81,2	72,1	71,9	-9,3	-0,2
Cataluña	116,7	119,0	118,3	1,6	-0,8	117,6	109,0	107,1	-10,5	-1,9
C. Valenciana	89,8	87,5	87,2	-2,7	-0,4	90,4	80,4	79,0	-11,4	-1,4
Estremadura	69,3	72,8	73,0	3,7	0,2	69,7	66,8	66,1	-3,6	-0,6
Galicia	87,6	89,8	90,1	2,5	0,4	88,1	82,4	81,6	-6,5	-0,8
Madrid	132,7	136,3	136,2	3,5	-0,1	133,7	124,9	123,5	-10,2	-1,4
Murcia	84,2	83,2	82,7	-1,6	-0,5	84,7	76,4	74,8	-9,8	-1,6
Navarra	123,4	122,2	122,0	-1,4	-0,2	124,1	112,0	110,6	-13,5	-1,3
País Vasco	127,7	128,8	129,1	1,4	0,3	128,7	118,3	117,1	-11,6	-1,2
A Rioxa	107,3	106,2	105,8	-1,5	-0,4	108,0	97,3	95,8	-12,2	-1,5
Ceuta	85,5	78,2	78,2	-7,3	0,0	85,8	71,8	71,0	-14,9	-0,8
Melilla	80,5	71,8	72,0	-8,5	0,2	81,2	65,8	65,5	-15,7	-0,3
Total						100,8	91,7	90,6	-10,1	-1,0

(1) converxencia en termos de PIB por habitante; prezos de mercado (paridade poder adquisitivo)
(2)ano 2017, avance e ano 2018 primeira estimación
(consulta: 08-06-2020)
Fonte: INE e EUROSTAT

1.2.23.

Converxencia de Galicia e España fronte a UE-28 e Galicia fronte a España 2000-19



(1) PIB per cápita a prezos de mercado (paridade de poder adquisitivo)
Fonte: IGE, INE e EUROSTAT

1.2.24.

Como se aprecia no **cadro 1.2.24.**, a crise económica frea a senda de converxencia producíndose un marcado proceso de diverxencia tanto do conxunto do Estado como de Galicia coa media europea. No que atinxe á economía galega, entre os anos 2008 e 2013 o indicador PIB por habitante redúcese 8,6 puntos (12 puntos no conxunto de España), mentres que dende ese ano ata o 2018 aumenta 2,1 puntos para acadar os devanditos 81,6% (1,8 puntos en España). ❑

1.3. Evolución demográfica

A poboación empadroada en Galicia a 1 de xaneiro de 2020 ascende ata as 2.700.269 persoas, o que representa o 5,69% da poboación española. En relación ao ano anterior na Comunidade Autónoma hai empadroadas 770 persoas máis, rachándose así a tendencia descendente iniciada en 2011.

Na devandita data, un total de 119 concellos galegos tiñan menos de dous mil habitantes, vinte e cinco máis que no ano 2010, o que representa o 38% dos concellos galegos. Cómpre salientar a distribución territorial da poboación na provincia de Ourense, onde tres cuartas partes dos seus municipios (69 de 92 concellos) teñen menos de 2.000 habitantes. Nestes 69 concellos está empadroado o 25,6% da poboación desa provincia.

No que respecta á concentración da poboación, tres de cada catro galegos están empadroados nas comarcas da denominada Galicia costeira, que, a diferenza do que acontece nas comarcas da Galicia interior, experimentan no seu conxunto un incremento de poboación.

Unha das constantes na demografía dos países avanzados é o seu envellecemento, derivado da menor fecundidade así como do aumento da esperanza de vida, entre outras variables. A un de xaneiro de 2020, a poboación de 65 e máis anos aumenta en Galicia ata as 687.685 persoas, o 25,5% da poboación total, 6,1 puntos porcentuais por riba do rexistrado no conxunto do Estado; esta porcentaxe agrávase nos concellos de menos de 1.000 habitantes, onde o 44% a poboación ten máis de 65 anos.

O devandito envellecemento da poboación é unha característica que comparten moitas economías avanzadas, se ben no caso galego é máis preocupante o descenso continuo do volume de poboación activa que repercute de xeito directo na sostenibilidade do sistema de prestacións sociais. Neste senso, a poboación activa en Galicia no ano 2019 está composta, segundo a EPA, por 1.241.100 persoas, 2.400 menos que no ano anterior (51.800 activos menos que no último ano da crise económica).

Ao longo do presente capítulo observaremos como, a pesar do incremento do saldo migratorio, a evolución da poboación galega segue condicionada por un saldo vexetativo cada vez máis negativo, lastrado por unha cada vez menor taxa de natalidade. Tras analizar a estrutura da poboación galega e o movemento natural da

poboación, o capítulo dedica un apartado específico ao panorama rural e urbano tendo en conta a importancia do rural galego tanto dende o punto de vista social como do económico ou medioambiental.

Estrutura da poboación

En base aos datos do Padrón Municipal de habitantes, nos últimos vinte anos, o pico máximo de poboación en Galicia rexistrouse no ano 2010 con 2.797.653 persoas empadroadas na Comunidade, ano a partir do que Galicia comeza unha perda continúa de poboación descendendo a un de xaneiro de 2019 dos 2,7 millóns de habitantes. No conxunto do ano 2019 Galicia racha a tendencia descendente da súa poboación empadroada, acadando as 2.700.269 persoas o 1 de xaneiro de 2020, o que supón unha medra de 770 persoas respecto á mesma data do ano anterior.

O devandito lixeiro incremento prodúcese tanto no caso dos homes como das mulleres, influenciado polo incremento experimentado nas provincias da Coruña e Pontevedra, reducíndose pola contra en Lugo e Ourense. Fronte á medra de poboación experimentado no conxunto do Estado (0,9%), tan só tres CC.AA., ademais de Ceuta (-1,1%), presentan unha perda da poboación: Asturias (-0,4%), Castela e León (-0,3%) e Estremadura (-0,4%).

Dende o ano 2008 Galicia perde 83.900 habitantes, o que supón unha redución do 3%, o que contrasta co incremento do 2,8% no conxunto do Estado. Xunto a Galicia, as devanditas tres CC.AA. presentan unha perda de poboación dende o comezo da crise económica: Castela e León (–6,4%), Asturias (–5,7%) e Estremadura (3,1%). O peso relativo da poboación residente en Galicia descende desde o 6,03% a un de xaneiro de 2008 ata o 5,69% do ano 2020.

Esta perda de poboación dende o ano 2008 rexístrase nas catro provincias galegas, e en todas as comarcas agás nas comarcas da Coruña, Santiago, Lugo, Pontevedra e Vigo. Resulta salientable que nun período tan curto en termos demográficos (2008- 2019) existan comarcas que perdan máis do 23% da súa poboación como é o caso da Fonsagrada, a Baixa Limia, Terra de

	2019	
	Total	Homes
Andalucía	8.414.240	4.147.167
Aragón	1.319.291	650.694
Asturias	1.022.800	488.137
Baleares	1.149.460	572.757
Canarias	2.153.389	1.065.971
Cantabria	581.078	281.801
Castela e León	2.399.548	1.181.401
Castela-A Mancha	2.032.863	1.016.954
Cataluña	7.675.217	3.770.123
C. Valenciana	5.003.769	2.465.342
Estremadura	1.067.710	528.500
Galicia	2.699.499	1.298.964
A Coruña	1.119.596	536.470
Lugo	329.587	159.686
Ourense	307.651	147.522
Pontevedra	942.665	455.286
Madrid	6.663.394	3.187.312
Murcia	1.493.898	747.615
Navarra	654.214	323.631
País Vasco	2.207.776	1.073.074
A Rioxa	316.798	156.179
Ceuta	84.777	42.912
Melilla	86.487	43.894
Total	47.026.208	23.042.428
Galicia / España *(%)*	5,74	5,64

(1) Datos a 1 de xaneiro de cada ano
Fonte: INE, *Estadística del Padrón Continuo*

1.3.1.

Caldelas, Terra de Trives e A Paradanta, e que outras seis presenten unha redución superior ao 18%: Ortegal, Os Ancares, Quiroga, O Ribeiro, Terra de Celanova e Viana.

A evolución demográfica non é homoxénea dende unha perspectiva xeográfica, observándose contrastes salientables tanto entre as provincias occidentais e as do interior, como a nivel comarcal e municipal.

Por unha banda, o conxunto das comarcas que compoñen a chamada Galicia interior sofren unha perda continua de poboación nos últimos 10 anos (2008-2019), acadando en 2019 unha poboación empadroada de 748.693 persoas, 69.994 habitantes menos que en 2008 (8,5% menos).

A evolución da poboación residente nas comarcas da denominada Galicia occidental-costa (Barbanza, A Bar-

Poboación nas CC.AA. 2019-20 (1)

		2020				20/19		
Mulleres	Hab./Km2	Total	Homes	Mulleres	Hab./Km2	Total	Homes	Mulleres
4.267.073	96,1	8.460.261	4.168.872	4.291.389	96,6	46.021	21.705	24.316
668.597	27,6	1.328.753	655.734	673.019	27,8	9.462	5.040	4.422
534.663	96,5	1.018.706	486.031	532.675	96,1	-4.094	-2.106	-1.988
576.703	230,3	1.171.003	584.094	586.909	234,6	21.543	11.337	10.206
1.087.418	289,2	2.174.474	1.075.496	1.098.978	292,0	21.085	9.525	11.560
299.277	109,2	582.796	282.517	300.279	109,5	1.718	716	1.002
1.218.147	25,5	2.393.285	1.178.111	1.215.174	25,4	-6.263	-3.290	-2.973
1.015.909	25,6	2.044.408	1.023.399	1.021.009	25,7	11.545	6.445	5.100
3.905.094	239,0	7.778.362	3.825.977	3.952.385	242,2	103.145	55.854	47.291
2.538.427	215,2	5.054.796	2.490.903	2.563.893	217,4	51.027	25.561	25.466
539.210	25,6	1.063.575	526.101	537.474	25,5	-4.135	-2.399	-1.736
1.400.535	91,3	2.700.269	1.299.371	1.400.898	91,3	770	407	363
583.126	140,8	1.121.695	537.703	583.992	141,1	2.099	1.233	866
169.901	45,3	327.874	158.813	169.061	45,1	-1.713	-873	-840
160.129	31,2	306.515	147.010	159.505	31,1	-1.136	-512	-624
487.379	209,7	944.185	455.845	488.340	210,1	1.520	559	961
3.476.082	822,8	6.778.382	3.243.153	3.535.229	837,0	114.988	55.841	59.147
746.283	132,0	1.510.951	756.619	754.332	133,5	17.053	9.004	8.049
330.583	63,0	660.887	327.073	333.814	63,6	6.673	3.442	3.231
1.134.702	305,2	2.219.777	1.079.024	1.140.753	306,8	12.001	5.950	6.051
160.619	62,8	319.653	157.699	161.954	63,4	2.855	1.520	1.335
41.865	4.461,9	83.842	42.370	41.472	4.412,7	-935	-542	-393
42.593	6.652,8	87.076	44.173	42.903	6.698,2	589	279	310
23.983.780	92,9	47.431.256	23.246.717	24.184.539	93,7	405.048	204.289	200.759
5,84		5,69	5,59	5,79				

Evolución demográfica 2008-2020 (1)**: distribución provincial**



(1) 2008 = 100
Fonte: INE, *Estadística del Padrón Continuo*

1.3.2.

Evolución da poboación 2008-19 (1): distribución provincial, nas 7 grandes cidades e segundo concellos

	2008	2014	2015	2016	2017	2018	2019	Poboación 2019		
								Menores 16 anos	De 16 a 64	65 e máis
								(% sobre poboación)		
Total	2.784.169	2.748.695	2.732.347	2.718.525	2.708.339	2.701.743	2.699.499	12,7	62,1	25,2
A Coruña	1.139.121	1.132.735	1.127.196	1.122.799	1.120.294	1.119.351	1.119.596	12,9	62,5	24,6
Lugo	355.549	342.748	339.386	336.527	333.634	331.327	329.587	10,8	60,0	29,1
Ourense	336.099	322.293	318.391	314.853	311.680	309.293	307.651	10,6	58,0	31,4
Pontevedra	953.400	950.919	947.374	944.346	942.731	941.772	942.665	13,7	63,8	22,5
Galicia occidental costa	1.965.482	1.966.178	1.958.303	1.951.986	1.950.384	1.949.387	1.950.806	13,4	63,2	23,4
Galicia interior	818.687	782.517	774.044	766.539	757.955	752.356	748.693	10,9	59,2	29,9
Sete grandes cidades	993.124	994.407	989.936	987.779	987.412	988.028	990.938	13,4	63,2	23,4
Vigo	295.703	294.997	294.098	292.817	292.986	293.642	295.364	13,7	63,9	22,4
A Coruña	245.164	244.810	243.870	243.978	244.099	244.850	245.711	13,0	62,5	24,6
Ourense	107.057	106.905	106.231	105.893	105.636	105.505	105.233	12,9	61,3	25,7
Lugo	95.416	98.560	98.134	98.268	97.995	98.025	98.276	14,0	64,2	21,7
Santiago de Compostela	94.339	95.800	95.612	95.966	96.456	96.405	97.260	13,8	64,3	21,9
Pontevedra	80.749	82.946	82.539	82.549	82.671	82.802	83.029	14,8	64,6	20,5
Ferrol	74.696	70.389	69.452	68.308	67.569	66.799	66.065	11,4	60,5	28,1
Concellos segundo tamaño										
< 1.000 hab.	28.027	23.952	23.306	22.604	22.026	22.533	23.147	5,2	50,8	44,0
1.001 a 5.000 hab.	475.635	425.767	419.667	412.059	405.372	393.180	387.563	8,2	56,2	35,6
5.001 a 10.000 hab.	399.710	397.037	394.075	391.564	389.892	383.564	402.406	12,2	61,0	26,7
> 10.000 hab.	1.880.797	1.901.939	1.895.299	1.892.298	1.891.049	1.902.466	1.886.383	13,8	63,7	22,5

(1) datos do padrón

(2) comparativa feita en base a 2018; Cesuras e Oza dos Ríos incluídos en 2008 no grupo de 1001 a 5000 hab. Cerdedo-Cotobade antes do 2017 no de 5001 a 10000 hab.

Fonte: IGE, *Cifras de poboación, Padrón Municipal de Habitantes*

1.3.3.

cala, Bergantiños, Betanzos, A Coruña, Eume, Ferrol, Fisterra, Muros, Noia, Ortegal, Santiago, O Sar, Terra de Soneira e Xallas, na provincia da Coruña; A Mariña Central, Occidental e Oriental, na provincia de Lugo; e O Baixo Miño, Caldas, O Morrazo, Pontevedra, O Salnés e Vigo, na provincia de Pontevedra) racha a tendencia descendente iniciada en 2011, acadando o 1 de xaneiro de 2019 unha poboación empadroada de 1.950.806 persoas, 1.419 máis que na mesma data do ano anterior. Doutra banda, a poboación na Galicia interior redúcese novamente no último ano en 3.663 habitantes, o que supón unha caída do 0,5%. No período 2008-2019 tanto a Galicia interior como a costeira presentan unha redución da súa poboación residente, se ben esta non ten a mesma intensidade, de xeito que o promedio de perda de poboación anual entre os dous anos considerados na Galicia interior é dun 1% anual fronte ao 0,2% na zona costeira. Tras esta evolución continúa a concentración da poboación na Galicia occidental-costa ata o 72,3%, 1,3 puntos porcentuais superior á rexistrada en 2011 (1,7 puntos dende 2008) (**cadro 1.3.3.**).

No último ano tan só oito das 53 comarcas galegas rexistran unha medra da súa poboación residente: A Coruña, Santiago e Betanzos, na provincia da Coruña (2.391, 1.459 e 72 habitantes máis, respectivamente); Lugo (173 máis); Terra de Celanova en Ourense (64 máis); e O Condado, Pontevedra e Vigo, na provincia de Pontevedra (70, 80 e 1.883 residentes máis, respectivamente). En relación á poboación residente a 1 de xaneiro de 2008, só as comarcas da Coruña, Santiago, Lugo, Pontevedra, Vigo experimentan unha medra da súa poboación.

A nivel municipal, 75 dos 313 concellos galegos experimentaron no último ano unha medra da súa poboación, dos que 24 pertencen á provincia da Coruña; outros 23, a Pontevedra; 18 a Ourense e os 10 restantes a Lugo. Comparando a poboación empadroada en xa-





Fonte: IGE, *Cifras de poboación, Padrón Municipal de Habitantes*

1.3.4.

neiro de 2019 coa empadroada na mesma data de 2008, dos 48 concellos que experimentan un incremento da súa poboación, 21 pertencen á provincia da Coruña e 18 a Pontevedra, 5 a Ourense e os restantes 4 concellos, a Lugo.

O número de habitantes dos sete concellos galegos con máis poboación aumenta no último ano un 0,3% en relación ao ano anterior, o que supón que residen 2.910 habitantes máis. Fronte á paulatina caída da poboación en Ourense (0,3% entre o un de xaneiro de 2018 e 2019) e, en moita maior medida, en Ferrol (1,1%), o incremento máis acusado en termos absolutos rexístrase en Vigo, con 1.722 persoas residentes máis (0,6%), superando á Coruña, con 861 máis (0,4%) e Santiago de Compostela, con 855 residentes máis (0,9%). En termos relativos, Santiago de Compostela sitúase en primeiro lugar, por diante de Vigo e A Coruña.

Atendendo á evolución ao longo dos últimos once

Poboación en Galicia 2008, 2014-19 (1): distribución segundo tamaño dos concellos



(1) Datos do padrón
Fonte: IGE, *Cifras de poboación, Padrón Municipal de Habitantes*

1.3.5.

anos, destaca o descenso da poboación empadroada no concello de Ferrol, con 8.631 habitantes menos en 2019 que en 2008, o que supón unha caída do 11,6%. Asemade, Ourense presenta unha caída do 1,7% no período considerado (1.824 empadroados menos), permanecendo practicamente estable en Vigo, cunha diminución do 0,1% (339 persoas). Os maiores incrementos da poboación empadroada rexístranse en Santiago de Compostela, cunha medra do 3,1% (2.921 persoas máis); Lugo, cun 3% (2.860 habitantes) e Pontevedra, cun 2,8% (2.280 persoas). Na cidade da Coruña a poboación residente medra un 0,2% (547 persoas máis).

Consecuencia da devandita evolución, ao longo dos últimos anos aumenta a concentración da poboación nestas sete cidades, acollendo o 36,7% da poboación a 1 de xaneiro de 2019 fronte ao 35,7% de 2008.

A 1 de xaneiro de 2019, un total de 54 concellos en Galicia contaban cunha poboación empadroada superior aos 10.000 habitantes, nos que en conxunto estaban empadroadas 1.886.383 persoas, 3.932 máis que na mesma data do ano anterior, o que supón o 69,9% do total da poboación de Galicia. Tal como se observa no **cadro 1.3.5.**, entre o 1 de xaneiro de 2008 e 2019 estes 54 concellos (tres menos que en 2008) presentaron unha medra de case 16.000 persoas, pasando o seu peso relativo dende os 67,2% ata o 69,9% de 2019. A poboación residente nos 32 concellos que en xaneiro de 2019 tiñan menos de 1.000 habitantes descendeu ata as 22.147 persoas (392 menos que no ano anterior), o que representa o 0,8% da poboación galega.

A desagregación provincial dos datos atendendo ao tamaño dos concellos reflicte que a porcentaxe de poboación que reside nos concellos de máis de 10.000 habitantes sitúase no 81,6% en Pontevedra, a porcentaxe máis elevada das catro provincias. Na Coruña esta porcentaxe ascende ata o 71,5% da poboación empadroada, fronte ao 51,2% en Ourense e tan só o 48,4% en Lugo.

Considerando os concellos máis pequenos en termos de poboación, dentro da provincia de Ourense localízanse 69 dos 118 concellos de menos de 2.000 habitantes existentes en Galicia, sendo destacable que o 75% dos concellos ourensáns están dentro desta franxa

Poboación nas CC.AA. 2020[1]: distribución segundo grupos de idade

	Total		Grupos de idade				
			0-14	15-44	45-64	≥65	≥85
		(%)			(%)		
Andalucía	8.460.261	17,84	16,5	37,0	29,0	17,4	2,5
Aragón	1.328.753	2,80	14,8	34,1	29,4	21,7	4,4
Asturias	1.018.706	2,15	11,5	30,3	32,0	26,2	5,0
Baleares	1.171.003	2,47	15,8	40,4	28,2	15,6	2,2
Canarias	2.174.474	4,58	14,0	38,7	31,2	16,1	2,1
Cantabria	582.796	1,23	14,0	32,9	30,9	22,2	4,1
Castela e León	2.393.285	5,05	12,6	30,9	30,9	25,6	5,6
Castela-A Mancha	2.044.408	4,31	15,9	36,0	29,0	19,1	3,8
Cataluña	7.778.362	16,40	16,0	37,0	28,1	18,9	3,2
C. Valenciana	5.054.796	10,66	15,6	35,7	29,3	19,4	2,9
Estremadura	1.063.575	2,24	14,3	34,6	30,1	21,0	3,9
Galicia	2.700.269	5,69	12,5	32,1	29,9	25,5	4,9
A Coruña	1.121.695	2,36	12,8	32,2	30,1	24,9	4,5
Lugo	327.874	0,69	10,8	29,9	30,0	29,3	6,8
Ourense	306.515	0,65	10,5	29,0	29,0	31,5	7,1
Pontevedra	944.185	1,99	13,5	33,8	29,8	22,8	4,0
Madrid	6.778.382	14,29	16,0	37,7	28,5	17,8	3,0
Murcia	1.510.951	3,19	18,1	38,5	27,7	15,7	2,4
Navarra	660.887	1,39	16,4	35,1	28,8	19,8	3,5
País Vasco	2.219.777	4,68	14,5	32,7	30,3	22,5	4,0
A Rioxa	319.653	0,67	15,3	34,1	29,5	21,1	4,1
Ceuta	83.842	0,18	21,2	40,1	26,6	12,1	1,5
Melilla	87.076	0,18	24,0	40,5	25,0	10,6	1,3
Total	47.431.256	100	15,4	36,0	29,2	19,4	3,3

(1) Datos a 1 de xaneiro
Fonte: INE, *Padrón continuo*

1.3.6.

de poboación. Se consideramos en conxunto a poboación residente en concellos con menos de 5.000 persoas empadroadas, o 36,4% da poboación de Ourense e o 35,4% no caso de Lugo está empadroada neses concellos, sendo esta porcentaxe do 15,2% en Galicia e tan só 12,1% no conxunto do Estado.

A perda de poboación en Lugo e Ourense segue afectando tanto a homes como a mulleres a diferenza do que acontece en Pontevedra. Pola contra, a provincia da Coruña presenta unha medra do número de mulleres residentes. Nas catro provincias a poboación feminina supera á masculina, representando as mulleres o 52,1% da poboación total da Coruña e o 52% en Ourense (51,9% de media no conxunto de Galicia). Lugo e Pontevedra presentan unha proporción inferior á media galega, cun 51,5% e 51,7%, respectivamente.

• Composición por idades

O problema demográfico galego reside non tanto na evolución de poboación, como na súa composición por idades. A 1 de xaneiro de 2020 a idade media en Galicia ascende a 47,5 anos, case catro anos máis que a media en España, manténdose como a terceira Comunidade Autónoma con maior idade media, só por detrás de Asturias (48,6 anos) e Castela e León (47,8 anos). A idade media das mulleres é superior á dos homes, con 49 anos de media en Galicia no caso das mulleres e 45,9 anos no dos homes (44,8 e 42,2 anos en España, respectivamente).

Ourense e Lugo son a segunda e terceira provincias españolas cunha maior idade media da súa poboación, con 50,8 anos e 50,1 anos de media respectivamente, só superadas pola provincia de Zamora con 51,2 anos de media. Nas provincias da Coruña e Pontevedra, a idade media ascende a 47,2 anos e 45,9 anos, en ámbolos dous casos por riba da media estatal.

Asociado ao aumento xeneralizado da idade media, no

Poboación en Galicia e España 2008 e 2020(1): estrutura segundo grupos de idade

(1) Os datos de 2008 son definitivos e 2020 son provisionais a 1 de xaneiro
Fonte: INE, *Padrón continuo*

1.3.7.

último ano todas as CC.AA. presentan unha medra da súa poboación maior de 45 anos, que a nivel estatal se sitúa no 2,1% (475.790 persoas máis nesa franxa de idade) e que en Galicia é do 1,3% (19.884 persoas máis). Sen embargo en Galicia descende a poboación menor de 44 anos nun 1,6% (19.114 persoas menos), fronte ao descenso rexistrado no conxunto do Estado do 0,3% (70.742 persoas).

Tras esta evolución, un de cada catro galegos (25,5%) ten 65 ou máis anos (19,4% no conxunto do Estado), porcentaxe semellante á rexistrada en Castela e León (25,6%) e lixeiramente inferior á de Asturias (26,2%), mentres que tan só o 11,7% da poboación residente en Galicia é menor de 14 anos (14,4% en España), porcentaxe só superior á rexistrada en Asturias (10,8%). O peso relativo das persoas maiores de 85 anos sobre o total de poboación ascende en Galicia ata o 4,9%, o que a sitúa tan só por detrás das mencionadas Castela e León e Asturias (5,6% e 5,0%, respectivamente), e moi por encima da media estatal que é do 3,3% da poboación total.

Tal como se observa nos **gráficos 1.3.7.**, dende o ano 2008, o descenso da poboación galega afecta en exclusiva ao conxunto de persoas cunha idade comprendida

Pirámide de poboación de Galicia 2008 e 2020



Fonte: INE, *Padrón continuo*

1.3.8.

entre 15 e 44 anos, cunha caída do 21,9% (250.040 habitantes menos), porcentaxe 6,7 puntos porcentuais superior á que se produce no conxunto do Estado. Os restantes grupos de idade presentan taxas de variación positivas aínda que inferiores á media española. Neste senso, o incremento máis acusado é o experimentado polas persoas maiores de 85, cun 58,5%, así mesmo a poboación menor de 14 anos medra un 0,5% no período 2008-2020, e a poboación de 45 a 64 anos, un 6,9%.

A poboación de maior idade reside nas provincias de Ourense e Lugo. Dunha banda, o 31,5% da poboación de Ourense supera os 65 anos, sendo esta porcentaxe case 22 puntos porcentuais superior ao que representan os menores de 15 anos (9,8%). Doutra, na provincia de Lugo o 29,3% da poboación ten máis de 65 anos, fronte ao 10,1% dos menores de 15. Asemade, o 7,1% da poboación de Ourense ten 85 ou máis anos e o 6,8% en Lugo. Comparado co resto das provincias españolas, Ourense e Lugo son, xunto con Zamora, as que presentan as maiores porcentaxes de poboación maior de 65 anos e as menores con mozos de 15 ou menos anos.

Graficamente, as pirámides de poboación recollidas nos **cadros 1.3.8.** e **1.3.9.** reflicten a estrutura poboacional en Galicia e nas catro provincias galegas. No conxunto da Comunidade Autónoma obsérvase un desprazamento vertical nos grupos quinquenais a partir dos 40 anos. En 2008 os grupos máis numerosos corresponden aos de 30-34 anos (8,2% da poboación galega) e 35-39 anos (7,8%) mentres que en 2020 os grupos quinquenais maioritarios son os de 40-44 e 45-49 anos, que concentran o 8,3% e 8,1%, respectivamente. Asemade, indica que o maior incremento prodúcese entre as persoas de 50-54 anos e 65-69 anos (1,2 puntos porcentuais) mentres que as caídas máis acusadas están nos grupos de 25-29 anos e 30-34 anos, cunha redución de 2,9 puntos, e no de 20-24 anos, con 1,6 puntos porcentuais menos.

O **cadro 1.3.9.** reflicte as importantes diferenzas existentes entre as provincias da Coruña e Pontevedra e de Lugo e Ourense, presentando estas últimas non só unha maior porcentaxe de poboación maior de 85 anos, senón tamén un maior incremento. Neste senso, a un de xaneiro de 2020 a poboación de 85 e máis anos representaba o 7,1% da poboación de Ourense, 2,6 puntos porcentuais superior á de 2008; mentres que en Lugo o seu peso relativo ascendía a 6,8%, 2,4 puntos máis que en 2008. Por contra, o 4% da poboación empadroada en Pontevedra ten 85 e máis anos, 1,6 puntos

Pirámides de poboación 2008 e 2020. Distribución segundo provincias



Fonte: INE, *Padrón continuo*

1.3.9.

porcentuais máis que no ano 2008, e en A Coruña, o 4,5%, 1,8 puntos máis.

Se se considera a desagregación por idades entre a Galicia occidental-costa e a Galicia interior, dende o comezo da crise económica en 2008 o descenso da poboación na Galicia interior rexístrase tanto no caso dos menores de 16 anos (2.973 habitantes menos), como na poboación potencialmente activa (64.545 persoas menos) e nos maiores de 65 anos (2.476 persoas menos). Por contra, nas comarcas da denominada Galicia occidental-costa o descenso prodúcese tan só no caso da poboación de 16 a 64 anos (109.322 habitantes menos), aumentando en 75.504 empadroados no caso das persoas de 65 e máis anos e en 5.582 os menores de 16 anos. A Galicia interior presenta unha poboación máis envellecida, representando as persoas maiores de 65 o 29,9% da súa poboación (23,4% na costa), en tanto que a poboación nova supón o 10,9% (13,4% na Galicia occidental-costa).

Mentres que no conxunto de Galicia a poboación con máis de 65 anos representa en torno ao 25%, nos municipios máis pequenos, con menos de 1.000 habitantes, o 44% da súa poboación supera os 65 anos, situándose esta porcentaxe no 35,6% nos concellos cunha poboación entre 1.001 e 5.000 empadroamentos (22,5% nos concellos de máis de 10.000 habitantes).

Poboación estranxeira en Galicia e España 2019 (1)

	Estranxeiros			Poboación total			Estranx. / total
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	
							(%)
Galicia	100.868	48.598	52.270	2.699.499	1.298.964	1.400.535	3,7
A Coruña	38.107	17.930	20.177	1.119.596	536.470	583.126	3,4
Lugo	14.584	7.393	7.191	329.587	159.686	169.901	4,4
Ourense	14.171	6.787	7.384	307.651	147.522	160.129	4,6
Pontevedra	34.006	16.488	17.518	942.665	455.286	487.379	3,6
España	5.036.878	2.520.145	2.516.733	47.026.208	23.042.428	23.983.780	10,7
				(%)			
Galicia / España	2,0	1,9	2,1	5,7	5,6	5,8	
A Coruña / Galicia	37,8	36,9	38,6	41,5	41,3	41,6	
Lugo / Galicia	14,5	15,2	13,8	12,2	12,3	12,1	
Ourense / Galicia	14,0	14,0	14,1	11,4	11,4	11,4	
Pontevedra / Galicia	33,7	33,9	33,5	34,9	35,0	34,8	

(1) Últimos datos definitivos dispoñibles
Fonte: INE, *Padrón Continuo*

1.3.10.

A poboación menor de 16 anos é o 5,2% nos concellos menores de 1.000 habitantes, e sitúase no 8,2% co caso daqueles cunha poboación entre 1.001 e 5.000 habitantes (12,7% no conxunto de Galicia).

Como reflicte o devandito **cadro 1.3.3.**, das sete grandes cidades de Galicia, Pontevedra, cun 14,8%, é a que presenta a maior porcentaxe de persoas menores de 16 anos, así como o menor peso relativo no caso das persoas de 65 e máis cun 20,5%. Por contra, en Ferrol só o 11,4% da poboación ten menos de 16 anos e o 28,8% supera os 65 anos.

• Poboación estranxeira e movementos migratorios

A 1 de xaneiro de 2019 en Galicia residían un total de 100.868 persoas con nacionalidade estranxeira, o que supón un incremento do 9% respecto á mesma data do ano anterior, 8.310 persoas estranxeiras máis. O **cadro 1.3.10.** mostra que a poboación estranxeira representa o 3,7% da poboación total residente en Galicia, lonxe do 10,7% que representa a poboación estranxeira no conxunto da poboación estatal; Galicia segue sendo a segunda Comunidade Autónoma con menor peso relativo de poboación estranxeira, superando tan só a Estremadura (3,1%). Na Comunidade galega están empadroados o 2% dos estranxeiros residentes no Estado español, porcentaxe significativamente inferior ao peso relativo da poboación galega en España, que é do 5,7%.

En termos absolutos, as provincias da Coruña, con 38.107 empadroados con nacionalidade estranxeira, e Pontevedra, con 34.006, son as que teñen unha maior presenza de estranxeiros. Sen embargo, atendendo ao peso relativo respecto ao total de poboación, a provincia galega na que máis relevancia teñen os estranxeiros é Ourense, cun 4,6% da súa poboación total, seguida de Lugo, co 4,4%. Esta porcentaxe sitúase no 3,6% na provincia de Pontevedra e no 3,4% na Coruña.

No ano 2019, igual que acontecera no ano anterior, dado o incremento da poboación estranxeira, o descenso da poboación residente en Galicia ven explicado pola caída do número de persoas de nacionalidade española (10.554 persoas menos; 0,4%). Entre as persoas de nacionalidade española esta caída rexístrase nas catro provincias, sendo as máis acusadas as rexistradas na Coruña, con 3.379 persoas, e Lugo, con 2.926 menos. En termos relativos, tanto Lugo como Ourense presentan unha caída do 0,9% respecto ao un de xaneiro de 2018, fronte ao 0,3% da Coruña e o 0,2% en Pontevedra (1.700 persoas menos).

No que atinxe ás persoas de nacionalidade estranxeira, ao contrario do que acontece coas persoas de nacionalidade española, todas as provincias presentan un incremento do número de empadroados en relación ao ano anterior. A Coruña rexistra o maior incremento, con

Poboación estranxeira en Galicia e España 2019 (1)

	Poboación					
	Total		Nacionalidade			
			española		non española	
		(%)		(%)		(%)
Lugar de nacemento	2.699.499	100	2.598.631	100	100.868	100
España	2.465.482	91,3	2.460.455	94,7	5.027	5,0
Estranxeiro	234.017	8,7	138.176	5,3	95.841	95,0
Países europeos	79.110	2,9	47.610	1,8	31.500	31,2
UE (28)	59.177	2,2	30.174	1,2	29.003	28,8
Países europeos non UE(28)	19.933	0,7	17.436	0,7	2.497	2,5
África	17.485	0,6	4.817	0,2	12.668	12,6
América	130.754	4,8	83.933	3,2	46.821	46,4
América Central e Caribe	20.699	0,8	13.105	0,5	7.594	7,5
América do Norte	7.494	0,3	5.415	0,2	2.079	2,1
América do Sur	102.561	3,8	65.413	2,5	37.148	36,8
Asia	6.292	0,2	1.574	0,1	4.718	4,7
Oceanía	376	0,0	242	0,0	134	0,1

(1) Últimos datos definitivos dispoñibles
Fonte: INE, *Padrón Continuo*

1.3.11.

3.624 persoas estranxeiras máis (10,5%); seguida de Pontevedra, con 2.593 persoas máis (8,3%). En termos relativos o incremento máis acusado é o da Coruña, superando a Lugo, cun 8,9%. A provincia de Ourense é a que presenta o menor crecemento tanto en termos absolutos (907 persoas) como relativos (6,8%). Cómpre resaltar que as catro provincias presentan unha medra superior á rexistrada no conxunto de España (6,4%).

Se se considera o lugar de nacemento da poboación estranxeira residente en Galicia, **cadro 1.3.11.**, do total dos estranxeiros que residen en Galicia a 1 de xaneiro de 2019, o 46,4% procede do continente americano, dos que case o 80% naceron en América do Sur, o 31,2% procede de Europa, o 12,6% son africanos e o 4,7%, asiáticos.

Das 102.561 persoas nacidas en América do Sur que residían en Galicia no ano 2019, 9.291 máis que no ano anterior, o 63,8% teñen nacionalidade española, e só o 36,2% son de nacionalidade estranxeira. En xeral, no ano 2019 aumenta o número de residentes procedentes do estranxeiro que dispoñen de nacionalidade española, situándose nas 138.176 persoas, dos que o 47,3% proceden de América do Sur, o 21,8% da Unión Europea (agás España) e o 12,6% do resto de países europeos.

En relación aos movementos migratorios rexistrados en Galicia entre o primeiro semestre de 2018 e de 2019, o saldo migratorio exterior presenta un signo positivo de 7.026 persoas. Como se aprecia no **cadro 1.3.12.**, no primeiro semestre de 2019, tanto as saídas cara ao resto de España como cara a terceiros países son inferiores ao volume de entradas rexistradas.

No que ás migracións cara e dende terceiros países se refire, no primeiro semestre de 2019 un total de 3.996 persoas abandonaron a Comunidade Autónoma galega, e 11.022 persoas estableceron a súa residencia en Galicia. Como resultado acádase nos primeiros seis meses do ano 2019 un saldo de 7.026 persoas (no primeiro semestre de 2018 foi de 5.125). O saldo migratorio no caso das persoas de nacionalidade española é positivo en 912 persoas, así como no caso das persoas de nacionalidade estranxeira con 6.124 persoas. Por áreas xeográficas, salienta o saldo migratorio positivo cos países da América do Sur con 5.078 persoas; en concreto destaca Venezuela cun saldo de 2.453 persoas, seguida de Colombia con 920, e Brasil con 654 persoas.

Por grupos de idade, obsérvase como no primeiro semestre do ano 2019, o 48,6% dos inmigrantes e o 49,7% dos emigrantes en Galicia dende e cara terceiros

Movementos migratorios con terceiros países 2018-19 (1): distribución segundo nacionalidade e grupo de idade

	1º semestre de 2018			1º semestre de 2019		
	Inmigracións	Emigracións	Saldo migratorio	Inmigracións	Emigracións	Saldo migratorio
Total	9.517	4.392	5.125	11.022	3.996	7.026
Española	2.885	2.079	806	2.862	1.960	902
0-14	403	238	165	380	165	215
15-39	922	947	-25	874	993	-119
40-64	1.005	671	334	1.050	598	452
>65	555	223	332	558	204	354
>85	66	36	30	70	31	39
Estranxeira	6.632	2.313	4.319	8.160	2.036	6.124
0-14	1.050	191	859	1.320	170	1.150
15-39	3.693	1.219	2.474	4.483	995	3.488
40-64	1.615	762	853	2.023	725	1.298
>65	274	141	133	334	146	188
>85	18	12	6	25	16	9

(1) os datos de 2019 son provisionais

Fonte: INE, *Estadística de migraciones*

1.3.12.

Indicadores demográficos das CC.AA. 2019 (1)

	Poboación a 1 de xaneiro	Saldo migratorio		Crecemento vexetativo	Poboación a 1 de xullo
		exterior	interior		
Andalucía	8.427.404	23.965	-1.107	-3.608	8.446.561
Aragón	1.320.586	5.474	837	-2.474	1.324.397
Asturias	1.022.205	2.159	-224	-4.126	1.019.993
Baleares	1.188.220	9.015	1.142	219	1.198.576
Canarias	2.206.901	14.898	-53	-1.429	2.220.270
Cantabria	581.641	1.606	145	-1.433	581.949
Castela e León	2.407.733	4.241	-1.034	-8.007	2.402.877
Castela-A Mancha	2.034.877	6.224	656	-3.285	2.038.440
Cataluña	7.566.430	47.119	147	-4.085	7.609.499
C. Valenciana	4.974.969	27.162	1.952	-5.287	4.998.711
Estremadura	1.065.424	976	-1.283	-2.303	1.062.797
Galicia	2.700.441	7.026	-215	-8.426	2.698.764
Madrid	6.641.648	40.539	552	2.840	6.685.471
Murcia	1.487.663	6.528	-90	356	1.494.442
Navarra	649.946	2.582	184	-176	652.526
País Vasco	2.177.880	8.082	-369	-3.644	2.181.919
A Rioxa	313.571	1.086	310	-472	314.487
Ceuta	84.829	57	-570	119	84.434
Melilla	84.689	358	-980	219	84.286
Total	46.937.060	209.097	-	-45.002	47.100.396

(1) os datos de saldo migratorio son provisionais e corresponden ao 1º semestre

Fonte: INE, *Estadística de migraciones*

1.3.13.

países teñen entre 15 e 39 anos, sendo o saldo migratorio das persoas nesta franxa de idade positivo en 3.369 persoas. Non obstante, este saldo sería negativo se se considerara tan só ás persoas de nacionalidade española (-119). Salientar igualmente que o 9% dos inmigrantes e o 10% dos emigrantes teñen máis de 65 anos, cun saldo migratorio positivo no primeiro semestre de 2019 de 590 persoas, dos que dúas terceiras partes posúen nacionalidade española.

No que atinxe aos movementos interautonómicos, o saldo migratorio para Galicia no primeiro semestre de 2019 é negativo en 215 persoas, reducíndose en todos os grupos quinquenais de idade menores de 44 anos. Os grupos de idade que máis poboación perden dentro dos movementos entre CC.AA. son os de 25-29 anos e 30-34 anos, cun saldo negativo de 287 e 128 persoas, fronte ao saldo positivo en 98 persoas entre as persoas de 65-69 anos e 87 no de 60-64 anos nos seis primeiros meses do ano 2018.

Movemento natural da poboación

Un ano máis, como reflicte o **cadro 1.3.13.**, xunto ao saldo migratorio positivo Galicia presenta o saldo vexetativo negativo máis elevado de todas as CC.AA, acadando no primeiro semestre de 2019 unha perda de 8.426 persoas.

O último ano que, segundo a serie estatística do IGE, Galicia presenta un saldo vexetativo positivo é o 1987, ano a partir do que os saldos vexetativos son sempre negativos, acadando en 2018, último dato dispoñible, o saldo negativo máis elevado da serie, con 15.839 defuncións máis que nacementos (**cadro 1.3.14.**).

No ano 2018, en Galicia por cada 1.000 habitantes rexístranse 5,9 defuncións máis que nacementos. Isto sitúa a nosa Comunidade Autónoma como a segunda cun menor saldo vexetativo por cada mil habitantes por detrás de Asturias (7,3 defuncións máis que nacementos) e cun nivel similar ao de Castela e León.

Os datos definitivos do ano 2018 reflicten un incremento do saldo negativo superior ao do ano anterior, resultado dun descenso do 10,2% no número de nacementos, o máis acusado dos últimos dez anos, e unha medra do 1,4% no caso das defuncións.

A correlación directa entre natalidade e a estrutura poboacional condiciona a existencia dunha taxa bruta de natalidade en Galicia de 6,14 nacementos por cada 1.000 habitantes, o que a sitúa como a segunda comunidade autónoma co índice máis reducido tras Asturias (5,60), sendo a media estatal de 7,94.

As taxas de natalidade difiren de xeito moi relevante se a nai ten nacionalidade española (5,82 fillos nacidos por cada 1.000 habitantes en Galicia) ou se a nacionalidade da nai é estranxeira (14,48 fillos por cada 1.000 habitantes). O número de fillos de nai española nacidos en Galicia no ano 2018 descende un 11,4% en relación ao ano anterior, acadando os 15.128 nacementos no último ano; por contra, as persoas nacidas de nai estranxeira medran un 5,1% acadando os 1.432 nados. Se a comparación se realiza co acontecido no ano 2008, o número de nacementos de nai española descende un 29,2% (6.253 nacementos menos) fronte ao descenso do 20,2% no caso de nai estranxeira (362 menos).

Finalmente, destacar que no ano 2018 a taxa bruta de mortalidade foi en Galicia de 12,01 falecidos por cada 1.000 habitantes, a terceira máis elevada do Estado tras Castela e León, con 12,15 falecidos, e Asturias, con 12,93 (a media estatal sitúase en 9,10 falecidos por cada mil habitantes).

Panorama rural e urbano

A análise da distribución da poboación segundo o grao de urbanización adquire una especial relevancia en Galicia dada a importancia do mundo rural galego tanto dende un punto de vista económico como social e medioambiental.

Das 2.699.499 persoas residentes en Galicia a 1 de xaneiro de 2019, un 36,7% (990.938 habitantes) reside nas denominadas zonas densamente poboadas (ZDP), é dicir, naquelas áreas cunha densidade superior a 500 habitantes por quilómetro cadrado e unha poboación total de alomenos 50.000 habitantes, e un 36,8% (994.428 persoas) nas denominadas zonas intermedias (ZIP), que son

Movemento natural da poboación 2008-18

Nacementos e defuncións



Taxas brutas de natalidade e mortalidade



Consulta: 14-01-2020
Fonte: INE, *Fenómenos demográficos* e IGE, *Nacementos, matrimonios e defuncións.*

1.3.14.

aquelas zonas que non pertencen a ZDP e que contan cunha densidade superior a 100 habitantes por quilómetro cadrado e, ou ben a poboación total da zona é superior a 50.000 habitantes, ou ben son adxacentes a unha ZDP. O restante 26,5% (714.133 persoas) reside nas zonas pouco poboadas (ZPP), que son aquelas áreas locais que non pertencen a ningunha das anteriores.

Como se reflicte no **cadro 1.3.15.**, esta distribución difire sensiblemente entre as distintas provincias galegas. Así, mentres que a poboación que reside nas ZPP de Ourense concentran o 45,7% da súa poboación e o 44,4% no caso de Lugo, en Pontevedra esta porcentaxe sitúase no 15,5%. Por contra, o 40,1% da poboación de Pontevedra vive nas denominadas ZDP, cando en Lugo reside nestas áreas o 29,8% da súa poboación (34,2% en Ourense). Asemade, as ZIP concentran o 44,4% da poboación residente en Pontevedra, porcentaxe moi superior ao rexistrado en Ourense, cun 20,1%, e Lugo, cun 25,7%.

Evolución demográfica de Galicia: distribución segundo o grao de urbanización (1)

	1996	2008	2017	2018	2019
Galicia					
Total	2.742.622	2.784.169	2.708.339	2.701.743	2.699.499
ZDP	973.800	993.124	987.412	988.028	990.938
ZIP	869.763	978.544	993.473	994.180	994.428
ZPP	899.059	812.501	727.454	719.535	714.133
A Coruña					
Total	1.110.302	1.139.121	1.120.294	1.119.351	1.119.596
ZDP	420.505	414.199	408.124	408.054	409.036
ZIP	354.727	415.621	427.138	428.214	429.375
ZPP	335.070	309.301	285.032	283.083	281.185
Lugo					
Total	370.303	355.549	333.634	331.327	329.587
ZDP	85.174	95.416	97.995	98.025	98.276
ZIP	83.893	87.005	85.480	85.246	84.843
ZPP	201.236	173.128	150.159	148.056	146.468
Ourense					
Total	346.913	336.099	311.680	309.293	307.651
ZDP	107.060	107.057	105.636	105.505	105.233
ZIP	51.200	61.183	61.990	62.006	61.897
ZPP	188.653	167.859	144.054	141.782	140.521
Pontevedra					
Total	915.104	953.400	942.731	941.772	942.665
ZDP	361.061	376.452	375.657	376.444	378.393
ZIP	379.943	414.735	418.865	418.714	418.313
ZPP	174.100	162.213	148.209	146.614	145.959

(1) ZDP (zonas densamente poboadas), ZIP (zonas intermedias), ZPP (zonas pouco poboadas)
Fonte: IGE, *Panorama rural-urbano*

1.3.15.

A evolución demográfica non é homoxénea dende esta perspectiva xeográfica, apreciándose contrastes significativos entre as zonas consideradas. En relación ao ano anterior, o descenso da poboación galega en 2.244 persoas rexístrase tan só nas denominadas ZPP, con 5.402 persoas menos (0,8% menos), aumentando por contra un 0,3% nas ZDP (2.910 habitantes máis) e permanecendo practicamente constante no caso das ZIP (248 persoas máis).

O descenso nas ZPP prodúcese nas catro provincias galegas, destacando a caída do 1,1% en Lugo e do 0,9% en Ourense. En termos absolutos, o descenso máis acusado rexístrase na Coruña, con 1.900 persoas menos. No extremo contrario, o incremento da poboación no ámbito urbano prodúcese en todas as provincias agás Ourense (-0,3%), presentando Pontevedra os maiores incrementos tanto en termos absolutos como relativos (0,5%; 1.949 persoas). No que ás ZIP se refire, a poboación neste grao de urbanización aumenta tan só na Coruña, cunha medra de 1.161 persoas (0,3%).

Se se considera un horizonte temporal máis amplo, o **gráfico 1.3.16.** amosa que entre os anos 1996 e 2019 a caída da poboación rexístrase tan só nas zonas pouco poboadas, aumentando tanto nas zonas intermedias como nas densamente poboadas. Dunha banda, entre os dous anos considerados, a poboación residente nas ZPP descende en 184.926 persoas, o que supón unha caída do 20,6%. Doutra, a poboación residente nas ZIP aumenta en 124.665 persoas, o que representa un 14,3%, situándose este incremento en 17.138 habitantes no caso das ZDP, o que supón un 1,8% máis.

Ao longo dese período de tempo, a perda de poboación tan só se produce nas provincias do interior influenciado case na súa totalidade pola caída da poboación nas zonas pouco poboadas. Dunha banda, entre 1996 e 2019 a poboación residente nas ZPP de Lugo redúcese en 54.768 persoas (40.716 persoas menos na provincia de Lugo), o que significa unha caída do 27,2% (-11% en Lugo). Por contra, aumenta lixeiramente nas zonas intermedias (950 habitantes máis; 1,1%) e nas ZDP (13.102 persoas máis; 15,4%). Doutra banda, a caída de 39.262 persoas na provincia de Ourense (11,3%) explícase fundamentalmente pola redución da

Poboación galega segundo o grao de urbanización (1)





(1) ZDP (zonas densamente poboadas), ZIP (zonas intermedias), ZPP (zonas pouco poboadas)
Fonte: IGE, *Panorama rural-urbano*

1.3.16.

poboación nas ZPP, que presentan unha redución de case o 25% (48.132 habitantes menos), descendendo un 1,7% nas ZDP (1.827 persoas menos). As provincias da Coruña e Pontevedra presentan tamén unha caída da súa poboación nas ZPP, se ben estas se producen a un ritmo lixeiramente por riba do 16%.

• Composición por sexo e idades

O **cadro 1.3.17.** reflicte que a idade media das persoas residentes en Galicia é superior entre as mulleres que entre os homes, sendo máis elevada nas zonas pouco poboadas que nas ZDP e ZIP. Para o conxunto da Comunidade Autónoma, a idade media nas ZPP ascende ata os 51,8 anos (53,4 anos no caso das mulleres e 50,2 entre os homes), cifra moi superior á rexistrada nas ZIP, con 45,2 anos (46,5 entre as mulleres e 43,8 entre os homes), e nas ZDP, con 45,9 anos (47,7 no caso das mulleres e 43,8 anos nos homes).

A provincia de Ourense é a que presenta a idade media máis elevada, con 50,7 anos, ascendendo a mesma ata os 55,2 anos no caso das ZPP. Esta idade ascende ata os 57,1 anos no caso das mulleres residentes nas ZPP, case cinco anos superior á idade media das mulleres no conxunto da provincia (52,2 anos). En Lugo, a idade media ascende ata os 49,8 anos, catro anos menos que a idade media nas ZPP da provincia (53,9). A idade media das mulleres é de 51,2 anos cando nas ZPP supera os 55 anos.

Por contra, a idade media máis baixa corresponde á provincia de Pontevedra con 45,6 anos (47,2 anos no

Idade media da poboación segundo sexo e grao de urbanización (1)

	2008			2018			2019		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Galicia									
Total	44,4	42,7	46,0	47,0	45,4	48,5	47,2	45,6	48,8
ZDP	43,0	41,0	44,7	45,6	43,6	47,5	45,9	43,8	47,7
ZIP	41,9	40,5	43,2	44,9	43,5	46,2	45,2	43,8	46,5
ZPP	49,1	47,3	50,9	51,6	50,0	53,3	51,8	50,2	53,4
A Coruña									
Total	44,1	42,4	45,6	46,7	45,0	48,2	46,9	45,3	48,4
ZDP	44,0	41,9	45,8	46,4	44,2	48,2	46,5	44,3	48,4
ZIP	41,8	40,6	43,0	44,7	43,5	45,9	45,0	43,8	46,2
ZPP	47,2	45,5	48,9	50,1	48,5	51,7	50,3	48,7	51,9
Lugo									
Total	47,8	46,3	49,2	49,7	48,2	51,0	49,8	48,4	51,2
ZDP	42,7	41,0	44,2	44,9	43,0	46,5	45,1	43,3	46,8
ZIP	45,7	44,0	47,2	47,7	46,1	49,2	47,9	46,3	49,4
ZPP	51,6	50,0	53,1	53,8	52,5	55,2	53,9	52,6	55,3
Ourense									
Total	48,2	46,5	49,8	50,5	48,8	52,1	50,7	49,0	52,2
ZDP	43,7	41,9	45,3	46,6	44,4	48,4	46,8	44,6	48,6
ZIP	43,0	41,9	44,0	46,0	44,7	47,3	46,4	45,1	47,6
ZPP	52,8	50,8	54,8	55,1	53,3	57,0	55,2	53,4	57,1
Pontevedra									
Total	42,2	40,5	43,8	45,3	43,6	46,9	45,6	43,9	47,2
ZDP	41,7	39,9	43,4	44,8	42,8	46,6	45,1	43,1	46,9
ZIP	41,0	39,6	42,4	44,3	42,9	45,7	44,7	43,3	46,0
ZPP	46,4	44,2	48,5	49,1	47,3	50,9	49,4	47,6	51,1

(1) ZDP (zonas densamente poboadas), ZIP (zonas intermedias), ZPP (zonas pouco poboadas)
Fonte: IGE. *Panorama rural-urbano*

1.3.17.

Poboación segundo grandes grupos de idade, sexo e grao de urbanización (1)

	2008			2019		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Galicia						
Total						
Total	2.784.169	1.344.268	1.439.901	2.699.499	1.298.964	1.400.535
<20	15,8%	16,9%	14,8%	15,9%	17,0%	14,9%
20-59	56,4%	58,4%	54,6%	52,3%	54,1%	50,7%
>=60	27,7%	24,7%	30,6%	31,8%	28,9%	34,5%
ZDP						
Total	993.124	466.737	526.387	990.938	462.308	528.630
<20	16,6%	18,2%	15,3%	16,8%	18,5%	15,3%
20-59	58,5%	60,0%	57,2%	53,3%	55,0%	51,8%
≥60	24,8%	21,9%	27,5%	29,9%	26,5%	32,9%
ZIP						
Total	978.544	478.889	499.655	994.428	484.127	510.301
<20	17,9%	18,8%	17,0%	17,6%	18,7%	16,7%
20-59	58,6%	60,3%	57,1%	54,4%	55,7%	53,2%
≥60	23,5%	20,9%	25,9%	27,9%	25,6%	30,1%
ZPP						
Total	812.501	398.642	413.859	714.133	352.529	361.604
<20	12,4%	13,1%	11,7%	12,2%	12,8%	11,6%
20-59	51,2%	54,5%	48,1%	48,0%	50,6%	45,4%
≥60	36,4%	32,5%	40,2%	39,9%	36,6%	43,0%

(1) ZDP (zonas densamente poboadas), ZIP (zonas intermedias), ZPP (zonas pouco poboadas)
Fonte: IGE, *Panorama rural-urbano*

1.3.18.

Índice de envellecemento segundo sexo e grao de urbanización (1)

	2008			2018			2019		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Galicia									
Total	135,5	109,0	163,5	156,4	129,3	185,3	158,1	131,0	187,2
ZDP	111,4	85,7	138,6	133,2	103,5	164,7	135,0	104,9	166,9
ZIP	97,8	79,8	117,0	118,9	100,5	138,5	121,4	102,8	141,1
ZPP	239,8	197,1	285,4	276,5	235,7	320,9	276,9	236,6	320,8
A Coruña									
Total	130,4	104,4	157,8	150,7	124,0	179,1	152,2	125,4	180,7
ZDP	129,5	99,0	161,5	146,8	113,1	182,4	147,9	113,7	183,9
ZIP	96,7	79,9	114,7	114,9	98,1	132,8	117,0	100,1	134,9
ZPP	190,0	155,0	227,4	230,4	195,0	268,7	232,2	197,0	270,4
Lugo									
Total	205,2	171,8	240,2	213,6	183,3	245,3	213,8	184,2	244,5
ZDP	106,7	82,8	131,5	117,7	92,9	143,4	119,9	95,5	144,8
ZIP	159,8	130,0	191,3	168,5	142,0	196,2	169,8	143,2	197,6
ZPP	326,2	281,3	373,5	365,5	324,4	408,8	362,4	322,5	404,4
Ourense									
Total	209,5	173,3	248,0	235,6	198,1	275,6	236,5	199,0	276,6
ZDP	119,7	95,0	146,0	147,9	115,5	182,2	149,4	116,0	184,3
ZIP	111,3	95,0	128,4	136,4	117,3	156,6	140,6	121,4	161,0
ZPP	377,2	314,6	443,3	432,3	371,1	498,8	428,1	367,2	495,0
Pontevedra									
Total	101,3	79,1	125,0	127,2	103,6	152,8	129,8	106,0	155,8
ZDP	93,0	71,3	116,1	119,5	93,4	147,7	122,0	95,5	150,7
ZIP	86,8	69,4	105,4	112,1	93,8	131,8	115,0	96,4	135,1
ZPP	170,7	131,1	214,0	203,3	167,4	243,5	205,5	170,0	245,3

(1) ZDP (zonas densamente poboadas), ZIP (zonas intermedias), ZPP (zonas pouco poboadas)
Fonte: IGE, *Panorama rural-urbano*

1.3.19.

caso das mulleres), descendendo a mesma ata os 44,7 anos no caso das ZDP (46 anos entre as mulleres). Nos tres graos de urbanización e tanto para homes como para mulleres, o devandito **cadro 1.3.17.** amosa que esta provincia presenta unha idade media inferior ao do conxunto de Galicia.

Nas ZPP de Galicia o 39,9% da poboación ten 60 ou máis anos, dez puntos máis que no conxunto das ZDP e doce máis que nas ZIP (31,8% en Galicia). No caso da poboación menor de 20 anos, tan só o 12,1% da poboación está nesa franxa de idade, fronte aos 17,6% no caso das ZIP e o 16,8% das ZDP. No caso das mulleres, o 34,5% das mulleres galegas ten 60 ou máis anos, ascendendo esta porcentaxe ata o 43% no caso das ZPP, mentres que nas ZDP o seu peso relativo é do 32,9% e nas ZIP do 30,1%.

Atendendo á distribución segundo provincias, cómpre resaltar que as ZPP de Ourense son as que presentan as porcentaxes máis elevadas de poboación maior de 60 anos (46,2% da poboación desa área e 50% no caso das mulleres) e as máis reducidas entre os menores de 20 anos (9,6% da poboación total das ZPP e o 9,2% no caso das mulleres). Asemade, cómpre resaltar que mentres que o peso relativo da poboación menor de 20 anos máis elevado rexístrase na Coruña nas ZIP, en tanto que en Lugo isto prodúcese nas ZDP. En Pontevedra e Lugo o maior peso corresponde ás ZIP, se ben de xeito menos causado que na Coruña.

En termos relativos, o índice de envellecemento, que mide o número de persoas de 65 e máis anos por cada cen menores de 20 anos, acada os valores máis elevados nas ZPP, destacando Ourense, con valores superiores a 428, e Lugo, con máis de 362 (en Galicia a media é de 276,9). Asemade, como amosa o **cadro 1.3.19.**, os índices presentan valores máis elevados no caso das mulleres que dos homes en todos os casos.

Finalmente, cómpre facer referencia á evolución da estrutura demográfica comparando as pirámides de poboación correspondentes aos anos 1998 e 2019. Dunha banda, os gráficos recollidos no **cadro 1.3.20.** amosan un desprazamento vertical da pirámide nos grupos quinquenais a partir de 40 anos tanto no conxunto de

Movemento natural da poboación (1)







(1) ZDP (zonas densamente poboadas), ZIP (zonas intermedias), ZPP (zonas pouco poboadas)
Fonte: IGE, *Panorama rural-urbano*

1.3.20.

Pirámides de poboación 1998-2019



Fonte: IGE, *Panorama rural-urbano*

1.3.21.

Galicia como nos tres graos de urbanización considerados, descendendo no caso das idades entre dez e trinta anos.

Non obstante, existen notables diferenzas entre a estrutura poboacional das zonas pouco poboadas e das zonas densamente poboadas ou intermedias. Dunha banda, o peso relativo da poboación menor de 50 anos nas ZDP é superior ao peso nas ZPP tanto no caso dos homes como das mulleres, ao contrario do que acontece no caso da poboación de 65 ou máis anos. Doutra banda, nas ZDP os grupos maioritarios tanto en homes como en mulleres son os correspondentes á poboación de 40-44 anos (4,2% e 4,5% da poboación empadroada nese territorio, respectivamente) e o de 45-49 anos (3,9% e 4,2%, respectivamente). Pola contra, nas zonas pouco poboadas os grupos maioritarios no caso das mulleres é o de maiores de 85 anos e entre 70-74 anos, que acollen o 4,6% e o 3,7% da poboación galega empadroada nesas ZPP, respectivamente; entre os homes, os grupos quinquenais predominantes son os de 55-59 anos e 50-54 anos, que concentran o 3,9% e 3,8% da poboación das ZPP.

• Movemento natural da poboación

Como se reflicte no **gráfico 1.3.20.**, as ZPP presentan as peores taxas ao longo de toda a serie considerada. Dunha banda, os datos definitivos do IGE para o ano 2018 indican que nestas zonas pouco poboadas a taxa de natalidade descende ata os 4,6 nacementos por cada mil habitantes fronte aos 6,1 nacementos no conxunto da Comunidade Autónoma. Nas outras dúas zonas a taxa bruta de natalidade acada valores moi similares, acadando os 6,8 nacementos por cada mil habitantes nas ZDP e os 6,6 nacementos por cada mil habitantes nas ZIP.

Pirámide de poboación 2019. Zonas Densamente Poboadas e Zonas Pouco Poboadas



Fonte: IGE, Panorana rural-urbano

1.3.22.

Doutra banda, a taxa de mortalidade presenta unha tendencia crecente ao longo de toda a serie acadando os 16,3 falecementos por cada mil habitantes nas ZPP. Este indicador é sensiblemente máis elevado que as rexistradas nos outros grados de urbanización considerados, situándose no 10,3 falecementos nas ZIP e no 10,5 falecementos nas ZDP. Lugo e Ourense presentan taxas brutas de mortalidade máis altas que as da Coruña e Pontevedra, salientando os elevados valores nas ZPP das provincias do interior, con 19,5 e 19,6 falecementos por cada mil habitantes en Lugo e Ourense, respectivamente.

Tendo en conta a evolución das taxas brutas de natalidade e mortalidade, o crecemento vexetativo é cada vez máis negativo tanto en Galicia como nas tres zonas de poboación consideradas. En 2018, por cada mil habitantes rexístranse en Galicia case seis defuncións máis que nacementos. Este crecemento vexetativo negativo sitúase en 11,7 no caso das zonas pouco poboadas, cando nas zonas densamente poboadas e nas zonas intermedias por cada mil habitantes hai 3,7 defuncións máis que nacementos. ❑